

sarria

A Anpa do Frei Luís de Granada foi recoñecida pola súa implicación na sociedade. **Páx. 3**

o incio

O Goberno local vén de adquirir unha escavadora para a prestación de servizos. **Páx. 17**

paradela

As tres pontes derruídas no inverno poderán ser rehabilitadas cunha achega. **Páx. 21**

láncara

Aprobados os orzamentos municipais cun valor de máis de 2,5 millóns de euros. **Páx. 22**

samos

Rehabilitouse o valado do paseo da Capela do Ciprés, un exemplo do románico galego. **Páx. 25**

Queixas de fin de ano

A veciñanza sarriá remata o 2023 manifestando as súas queixas polo estado no que se atopan as vías e alumeados nalgúns barrios



20 anos dos Gorriós de Louseiro

A asociación sarriá canaliza as ideas dos socios e convérteas en iniciativas de exemplo para a comarca. **Páx. 6**

Unha vila con tradición musical

A Banda de Música de Paradela cumpriu 150 anos de historias e momentos inesquecibles. **Páx. 20**

Guillermo Cancelo



Director, actor e promotor de asociacións teatrais. **Páx. 4**

Gómez Besteiro



Deputado lugués e candidato á presidencia da Xunta polo PSOE. **Páx. 14-15**

Campus do Nadal



O CB Sarria organiza un campus entre os días 26 e 29 de decembro. **Páx. 30**

O Pleno aproba o orzamento da Deputación

Conta de 116 millóns de euros, con máis servizos públicos e máis dinamismo económico. **Páx. 26**

CORBAR MAQUINARIA
INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

TRITURADORAS SERRAT GAMA AGRÍCOLA, FORESTAL, SUELO, CABEZALES, ESPACIOS VERDES, BIOMASA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

CUCHILLA MAÍZ CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

O alumeado e as estradas, a debate


O deficiente estado dalgunhas vías e a iluminación nalgúns barrios xeran malestar e queixas entre a veciñanza sarriá

Os veciños da zona da contorna das vías do tren, ao longo do seu trazado no termo municipal de Sarria, queixáanse do estado no que se atopan as pistas, xa que se están a usar para levar a cabo obras de renovación e electrificación.

A veciñanza esixe unha solución pois “estas estradas soportan diariamente o paso de numerosas máquinas e vehículos vinculados a estas obras”, explican os veciños. Os concelleiros do PP, que se fixeron eco destas queixas, presentaron unha moción no último pleno do Concello de Sarria para instar ao Goberno local a que esixa a Adif que mellore estas vías, tendo en conta que “calquera obra implica incomodidades e prexuízos, polo que dende o Goberno local se debe poñer vontade e esixir a Adif que garanta os servizos aos veciños e veciñas”, sosteñen desde o Grupo Municipal Popular.

Igualmente, os populares sinalaron a situación no barrio da estación en Oural, que “queda sen un acceso en condicións á propia estación e ás vivendas do entorno porque a estreitez das vías non permiten o cruce de dous vehículos nin o acceso axeitado de camiións nin ás vivendas nin á estación”.

Ademais, tamén esixen a mellora da contorna da estación de Sarria, ordenando e renovando toda a fronte da estación desde a ponte do Mazadoiro ata a Feculera, “xa que esta é unha das estacións que ten máis tráfico de viaxeiros na provincia”. Os populares defenderon que “a ponte do Mazadoiro está nun estado lamentable: a parte antiga estase a



deteriorar de forma importante e a parte recentemente reformada enchácase facilmente porque o firme non é homoxéneo”, informan. Así, esta moción foi apoiada e aprobada despois de obter os votos favorables dos seus concelleiros, dos do PSOE e os de Camiña Sarria. Pola súa parte, o PSOE abstívose nesta proposta.

ILUMINACIÓN. Por outra banda, o PP tamén presentou unha moción no pleno que pedía o desenvolvemento dun estudo sobre a iluminación pública en Sarria, unha iniciativa que foi aprobada cos votos a favor

do propio grupo popular e cos do PSOE, mentres que Camiña Sarria votou en contra porque “xa está en marcha un proxecto para mellorar as luminarias no Chanto e na Casa da Cultura” e a abstención do BNG.

O Partido Popular apoiou a súa moción criticando “a deficiente iluminación en moitas zonas do casco urbano de Sarria”, sinala a portavoz, Carmen José López, e explica que “o Concello asinou o contrato da luz máis caro da historia de Sarria, pero a vila está peor iluminada ca nunca”. Unha das zonas máis afectadas é a do Chanto, sostén, xa que tanto a ex-

planada coma a ponte que conecta as zonas de dous pavillóns de Sarria e que empregan moitos usuarios do ximnasio municipal ou da piscina, atópanse practicamente a escuras e, polo tanto, “é habitual atopar a xente empregando os seus móbiles para iluminar”, subliña a popular. Tamén no tramo urbano do mosteiro da Magdalena ata a ponte da Áspera, que coincide co Camiño Francés; as rotondas de entrada en Sarria e a entrada a Sarria por Farbán, ou tamén na rúa do Mazadoiro.

A portavoz condena a “escasa in-

tenvidade das luminarias en xeral ao que hai que sumar a tardanza en reparar as avarías porque as rúas pasan longos períodos sen luz”.

OUTRAS DEFICIENCIAS. O PP denuncia tamén o estado da estrada municipal ao seu paso por Céltigos, lugar da parroquia de Santiago da Veiga, na que din que “se empeza a facer complicado o seu tránsito” e que “só é necesario mirar cara o municipio limítrofe para ver como cambia radicalmente a situación”. Así, preguntan “a que está agardando o Concello para buscar esa solución definitiva que nunca chega”.



ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

o principal comercializador de enerxía 100% verde. Con máis de 120 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

📍 **Entra e infórmate!**

☎ **982 876 681**

✉ **sarria@xenera.com**



DESEÑOS A MEDIDA

DAMOS FORMA A ESE PROXECTO ESPECIAL

Muebles

Celeiro

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Ctra. Lu546, km16) Sarria - Lugo

Tel.: 982 532 451 - 625 662 962

www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

A Anpa do Frei Luís de Granada foi agasallada por un proxecto

A Anpa do Frei Luís de Granada vén de recibir unha figura cunha placa como recoñecemento á súa implicación na sociedade sarriá en materia de igualdade eco seu proxecto 'Convivindo na igualdade', subvencionado pola Secretaría de Igualdade.

Este premio foi concedido pola Concellería de Igualdade do Concello de Sarria, á cabeza do que está Isabel Vergara, quen lles entregou este distintivo aos representantes da Anpa.

O programa 'Convivindo na igualdade' xa chegou a máis de 700 familias e millares de persoas, segundo explican desde a Anpa e, ademais, favoreceu o bo ambiente entre os diferentes centros educativos da vila sarriá..

ADORNOS DE NADAL. A Anpa do colexio Frei Luís de Granada de Sarria organiza diferentes actividades para os nenos e ne-



nas do municipio con motivo do Nadal.

Así, as actividades comezarán o día 21 de decembro, no que a partir das 17.30 horas haberá un bingo nadaleño e unha chocolatada para todos os pequenos e as súas familias.

Ademais, tamén convocan o seu II Concurso de Adornos Nadaleños Recicladados, invitando a todos os nenos a participar dunha

forma "responsable, participativa e respectuosa" co medio ambiente.

Así, o obxectivo é elaborar adornos de nadal para o patio, a fachada e as zonas comúns do colexio con materiais de residuos a rexeitar e que se poidan utilizar para adornar. Poderán participar del persoas de forma individual ou de forma colectiva.

19 establecementos participan no concurso de Tapas Tapicheo de Sarria

Sarria celebra o seu tradicional concurso de Tapas Tapicheo do 5 ao 9 de decembro. Nesta cita, que chega a súa décimo sexta edición, participarán un total de 19 establecementos. Durante os días do certame, poderanse degustar as tapas en horario de 20.00 a 23.00 horas como mínimo. O prezo de cada tapa situarase entre 2 e 3 euros. Ademais, algúns participantes elaborarán peque-tapas para os máis cativos, se ben estas creacións non entrarán no concurso. Os participantes son Mesón O Castro, Restaurante Camping Vila de

Sarria, Adarve, Barullo Bar, Cafetería El Parisien, Taberna D'Orixen, Don Pepe, Hotel Alfonso IX, Cafetería Santiago, Cafetería Next, La Isla, Pan-Team, Al Paso To Go, Cafetería Central, Café Bar París, 8mm, Cafetería Cubano, Café Bar Andión e Mesón Tapas.

Para poder votar e entrar no sorteo de agasallos, os clientes deberán realizar un percorrido mínimo de 15 establecementos e recompilar o selo correspondente nas súas tarxetas. Ademais, aqueles que completen o percorrido dos 19 entrarán no sorteo dunha viaxe.

A vila foi distinguida con dúas Flores de Honra



Sarria conmemorou o Día Internacional das Persoas con Discapacidade

As concellarías de Acción Cultural e de Servizos Sociais e Igualdade, en colaboración coa Banda de Música de Sarria, o Servizo de Atención Temperá e o Colectivo de Familias pola Diversidade Infantil da Comarca de Sarria, promoveron diferentes accións para conmemorar o Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

A Banda de Música de Sarria foi a protagonista do día a través do seu Concerto de Santa Cecilia dedicado

ás persoas con discapacidade e cun repertorio musical que incluíu temas emblemáticos.

Ademais, proxectáronse imaxes e vídeos de persoas con discapacidade de diferentes centros asistenciais e residencias da comarca, como o CAPD de Sarria, e residencias de maiores de toda a bisbarra; de nenos con discapacidade de Sarria, Monforte e Lugo; e imaxes icónicas relacionadas coa discapacidade. Toda esta acción contou coa participación

dun intérprete de linguaxe de signos. Por outra banda, tivo lugar tamén un encontro de usuarios, familias e profesionais vinculados ao Servizo de Atención Temperá da Comarca de Sarria na Casa da Cultura, onde se leu o conto 'Pedro, o piloto de gaivotas'. Ademais, houbo tamén un obradoiro e coloquio de familias sobre a atención temperá e confeccionaron un mural de desexos, peticións e necesidades entre todas e todos os participantes.

O concello vén de recibir dúas Flores de Honra en recoñecemento ao traballo desenvolvido na mellora do espazo verde urbano. O concelleiro de Medio Ambiente, Sostibilidade, Parques e Xardíns, Borja García, e a concelleira de Políticas Sociais e Igualdade, Isabel Vergara, foron os encargados de recibir o galardón. García e Vergara desprazáronse ata

Tomioño para participar na gala de entrega dos galardóns Vilas en Flor. Sarria foi un dos 38 municipios distinguidos coas Flores de Honra. Trátase duns galardóns que outorga un xurado especializado integrado por expertos de recoñecido prestixio no ámbito paisaxístico, o viveirismo, a bioloxía e a formación agraria.



Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-270003188



signia



Hasta 15% de descuento

SIEMENS



Felices fiestas

> Audifonos Siemens.
> Recargables o con Pilas.
> Prueba de audifonos sin compromiso.
> Financiación sin intereses.

 C/Matías López, 63-bajo
27600 - SARRIA (Lugo)

 982 531 191 / 669 548 976

 audiosarria@gmail.com

Podemos ayudarle a sentir a sus seres queridos más cerca que nunca



“O feito de practicar o acto teatral é, por si mesmo, terapéutico”

Guillermo Cancelo, director, actor e promotor de varias asociacións teatrais

De onde vén e cando xorde a súa paixón polo teatro?

Pois cando era estudante na escola de Imaxe e Son en Ourense, aínda que facía as miñas cousas como realizador, sempre acababa sendo actor en moitas das curtametraxes que faciamos na escola, e iso fíxome achegarme e pensar sobre elo.

Como foron os seus inicios no teatro?

Xa en Barcelona sobre o ano 97, comecei a formarme en diversas escolas de teatro e a participar nalgúns curtametraxes. O meu primeiro papel chegou nunha peza sobre textos de Lorca, no Festival Grec 98 e antes de virme de novo a Galicia, pois tiven a ocasión de poder traballar cun dos grandes directores deste país, como é Lluís Pascual, nunha montaxe que despedía unha das salas máis representativas do teatro europeo, “El Teatre Lliure”.

Cales son as asociacións nas que participou á súa volta a Galicia?

Asociacións foron unhas cantas, a verdade, e aínda estamos aí. O primeiro grupo que promovín foi Hipócrata Teatro de Lugo, formado por alumnos da aula municipal do concello lucense, a cal dirixín dende o

ano 2002 o 2010. A súa primeira actuación como grupo foi no San Xoán en Sarria, precisamente. Rebuldeira Teatro tamén deu os seus primeiros pasos comigo. Ao abrigo da aula de teatro municipal de Sarria, que se mal non lembro, iniciou os seus pasos no 2009. Daquelas, o teatro en Sarria era algo máis ben residual, foron catro anos de crecemento exponencial.

Actuou en diversas series de televisión. Gústalle máis actuar para a cámara ou para o público en directo?

Son formas distintas de traballar: a cámara está máis próxima a un, polo tanto cada cousa que fagas non escapa ao espectador por pequena que sexa. O teatro pide unha maior presenza do actor e todos os seus sentidos. O que si penso é que un actor con formación teatral pode adaptarse máis rapidamente ao traballo cinematográfico que un actor de cámara poida facelo no teatro, sen unha mínima formación. Moitos dos actores do cine de agora teñen dificultades á hora de falar, de vocalizar.

Por que decidiu ir por libre?

Pois pola necesidade de dar saída a diversos proxectos persoais. Naquel primeiro momento, no ano 2010,

puxémonos a traballar Iria Acevedo e máis eu nunha montaxe de Teatro para Bebés, unha peza que tivemos a oportunidade de mover por moitos espazos teatrais de Galicia, así como no Culturgal en Pontevedra ou no Festival Internacional de Teatro para Bebés da Coruña. Os nenos disfrutaban moito do espectáculo, pero se viras as caras dalgún pai ou nai...

Que actuacións teñen agora mesmo en activo?

Eu, como compañía profesional, como Teatro do Miolo, estou agora mesmo cunha peza de creación persoal: Saíndo do cerco, unha comedia existencialista de dous maiores, das súas necesidades, motivacións e de como viven o final da súas vidas. Precisamente, estiven no Vicedo e na casa da cultura de Sarria. Logo, as compañías amadoras, nas que desenvolvo a miña labor como director e, ás veces tamén como autor, pois nestas datas a tope ata fin de ano temos tres comedias. Con Lume Escénico da Pontenova temos unha comedia de creación propia que leva por título Pontenova Fassion Wiii. Co grupo Os Trocos Teatro de Castro de Rei seguiremos pola provincia ata rematar o ano coa montaxe Camping

Gas. Con esta peza estamos conmemorando o décimo aniversario da escola municipal de Castro de Rei e decidimos remontar esta obra, aínda que tiven que adaptala a un novo reparto. Con Borguete Teatro de Vilalba estaremos en decembro en varios concellos coa peza O Velorio.

Por que é importante levar o teatro aos diferentes concellos?

O teatro é moi importante apoiado dende os concellos, pero tamén dende as administracións provinciais ou estatais: educación, sanidade, servizos sociais. Cando estamos inmersos na práctica do xogo teatral, fomentamos o noso crecemento afectivo e social, aumentamos a autoestima a empatía cos demais, a creatividade e, coa memorización de textos, melloramos a nosa capacidade cognitiva. Eu sempre dixen que o teatro é máis importante que as matemáticas. Evidentemente, é unha maneira de falar, pero para o desenvolvemento do individuo o xogo teatral é básico. O teatro tiña que ser obrigatorio no ensino público. O acto teatral, o feito de practicalo é, por si mesmo, terapéutico; pasar un por distintas e diversas situacións na práctica teatral fai moitas veces que experiencias persoais pasadas que o mellor non foron ben resoltas, agora ao pasar por feitos similares nunha improvisación ou texto teatral, fan que moitas veces curemos o noso propio ser. Eu falo disto, dende a propia experiencia con alumnos que pasaron por situacións difíciles na súa vida e coa práctica do teatro atoparon un verdadeiro bálsamo. Xa tiven alumnos con asperger, esquizofrenia, problemas conductuais, e o ben que fixo neles o teatro, foi moito. Eu dou obradoiros de carácter terapéutico no centro da Cruz Vermella con rapaces de dano cerebral.

ron un verdadeiro bálsamo. Xa tiven alumnos con asperger, esquizofrenia, problemas conductuais, e o ben que fixo neles o teatro, foi moito. Eu dou obradoiros de carácter terapéutico no centro da Cruz Vermella con rapaces de dano cerebral.

“Moitos dos actores do cine de agora teñen dificultades á hora de falar, de vocalizar”

Cre que habería que darlle un pulo na vila a este sector cultural?

A cultura é importante tanto para os que a practican como para os que a consumen e neste caso concreto o teatro. Esta interacción é o patrón a seguir, e sempre será así. Unha sociedade que non vive neste paradigma, será unha sociedade que tenderá a falta de desenvolvemento a desaparición. As sociedades máis desenvolvidas en Europa, tipo Suecia, Noruega, Alemaña, son as que máis inverten na cultura da súa xente, por algo será. Todo o que se faga na miña vila, con certo sentidío no sector cultural, benvido será.

Que é o que máis lle gusta do teatro?

A verdade é que fago moitas cousas e todas elas teñen o seu. Cando preparo un deseño dunha iluminación nun espazo que ten as condicións e os equipamentos adecuados e ves que a consegues como a imaxinaches, é un pracer; ou cando escribes unha escena e xa a estás vendo cos actores que a van interpretar. Depende de para quen, igual non é moi agradable ver a un tipo partíndose de risa pola casa adiante ás tantas da mañá mentres escribe unha escena. Como actor, é moi gratificante cando sentes a enerxía do público, cando sentes que está do teu lado, que o que estás facendo chega a esa persoa que está aí sentada observando.



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo



MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES
Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena
José Luis MATANZA 657 982 987
 SARRIA (LUGO)

“Facemos un seguimento rigoroso do estado auditivo dos clientes”

Carlos García Aymerich é o promotor e propietario de Audio Sarria

Como xurdiu a idea de montar este negocio?

Levo moitos anos dedicándome a este tema de problemas auditivos, sempre traballei a zona da provincia de Lugo e sempre me chamou a atención Sarria como vila e deime de conta de que non tiña un centro auditivo especializado en próteses auditivas. Polo que fixen os estudos de mercado necesarios e moutei o meu Gabinete Audiolóxico no ano 2019. Colleunos a pandemia, pero como todos, e nunca pensei en pechalo. Aguantamos como todo o mundo e nunca pensei en pechar. Levamos 3 anos e moi ben, a xente está moi contenta e estamos a dar un bo servizo en Sarria.

Que servizos ofrecen?

A xente que considera que ten perdas auditivas ou que non oe, o primeiro que ten que facer son unhas probas auditivas, polo que nos piden cita porque é personalizada e facémolle un estudo completo da súa audición con audimetrías, vía ósea, aérea, probamos o seu limiar de

dor... Todas as revisións que facemos son gratuítas e calquera persoa que considera que ten que ver como ten o oído, pode pedir unha cita e dámoslla e revisámoslle sen cobralle nada. Despois da revisión, se, efectivamente, ten perda auditiva, ofrecémolle a opción de probar unha prótese auditiva, é dicir, uns audífonos. Hai distintos tipos e con diferentes potencias e o escoller un ou outro depende do tipo de perda que ten o usuario, por iso son tan importantes as probas. As persoas proban os audífonos e adaptámoslos segundo a perda que ten. Nós cremos que os que ofrecemos son dunha alta calidade, modernos e adaptados a cada persoa, veñen ata con software. O importante é que a persoa os probe e veñan cada semana para ver como vai progresando a adaptación a eles, que pode ser de dúas a cinco semanas, dependendo do usuario e do seu problema. Eu sempre digo que o usuario é o que se pon o tempo de proba. Teñen que notar se oen mellor ou non. Despois do período de

proba, se están contentos, quédanse con eles e, se non están contentos, devólvenos sen problema. Se non oe ben a persoa cos nosos audífonos, mellor que non os leve. Pero se unha persoa queda con eles, é importante o seguimento e facer as revisións, xa que teñen filtros e hai que limpalos. Ademais, nós ímoslles guiando e máis ou menos terán que vir cada 2 meses para ver que tal lles está indo.

Canto duran os audífonos?

Poden durar moitos anos, de feito nós traballamos coa marca Siemens que son moi bos e agora son recargables, sen pilas, e teñen unha garantía de 5 anos e calquera problema de rotura, cóbrese. É unha garantía ampla e boa e, de feito, os audífonos poden durar 7 ou 8 anos. Ademais, os clientes teñen a posibilidade de financiar os seus audífonos durante dous anos sen intereses, unha forma cómoda de facerse cos audífonos. É moi importante ter uns bos audífonos, xa que hai marcas e gamas, pero nós utilizamos a mellor marca e de boa calidade.



Como é o trato con el cliente

Nós intentamos facer o noso traballo o mellor posible, facer un bo seguimento dos nosos clientes e os nosos clientes teñen un seguimento rigoroso, uns audífonos moi bos, con prezos competitivos e bos. A maioría dos nosos clientes quedan contentos, xa que desde o principio imos orientando e explicando e eles van probando e teñen un seguimento constante, antes da adaptación e despois. É unha relación moi estreita entre o cliente e o centro auditivo.

Calquera problema que teñen aí estamos para solucionalo porque un audífono dura moitos anos.

Como ves o futuro do sector?

O sector depende da xente que teña perda auditiva e o oído vaixe perdendo. O futuro é bo, no sentido de que a xente cada vez ten máis perda auditiva porque a xente nova, con 40 anos, xa nota perda auditiva porque co tema das discotecas, os festivais... todo iso afecta. Os cascos tamén inflúen. Dentro duns anos van pagar porque o oído sofre.



IGUALDADE. Coincidindo coa celebración do Día Mundial do Neno, a Concellería de Igualdade e a de Educación, Geni Valcárcel, fixo entrega de material de promoción da igualdade, en colaboración co programa ‘Convivindo na igualdade’ impulsado pola Anpa do Ceip Frei Luís de Granada. Os centros beneficiarios foron o Ceip Antonio Fernández López de Oural, o Ceip Frei Luís de Granada, o CPR Nosa Señora da Asunción, a EEI Xela Arias e o CPR Plurilingüe La Merced.

O Buri remata o ano con varios actos musicais de rock e metal

O Buri remata o ano por todo o alto organizando diferentes e diversos eventos musicais no seu local.

Así, o día 8 será o turno de XpresidentX (rap-metal-punk dende Madrid) e contarase tamén co Sudor do Chimpin, o mellor tributo do mundo ao Sudor do tractorista. O día 9 O Buri acollerá o concerto de Hollow

empty minds (grunge dende Barcelona) e de Martelo (power trío dende Galicia).

Xa o día 15 actuarán os lugueses The foolans, e o día 16 irá ao Buri a Oslo ovis (rock dende a Rioxa) e unha banda galega por confirmar. Por último, o día 29 de decembro, para rematar o ano, O Buri traerá a El Mundo de Sofia band.



CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 ANOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 ANOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
 27600 Sarria (LUGO)
 626 21 86 28

ESO

INFANTIL PRIMARIA



STIHL

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria. Telf. 982 532 202

TEMPORADA PRIMAVERA 2023

PREPARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES OFERTAS

“A asociación é un referente para todos os veciños da zona”

Rosa López é a actual presidenta da Asociación Gorriós de Louseiro

Como xurdiu a idea de crear esta asociación hai vinte anos?

En Louseiro sempre tivemos moita inquietude por xuntarnos e desfrutar do noso tempo libre xuntos. Temos unha escola rural que daquela estaba un pouco abandonada e necesitabamos darlle uns arranxos. Entón, xurdiu a idea de crear a Asociación Cultural os Gorriós para poder canalizar todas estas iniciativas, para poder facer forza para conseguir servizos e subvencións para facer do noso pobo un lugar máis agradable para vivir.

Como se desenvolveu a asociación neste vinte anos?

Nestes vinte anos a asociación foi evolucionando cos tempos de ser un grupo de amigos que se xuntan con moitos proxectos e moitas ilusións, a ter que buscar a maneira de legalizar todo, de darlle forma.

Como foi o proceso de adaptación da asociación durante e despois da pandemia?

Foi moi lento, con moito medo por se organizabamos algo e logo xurdía algún brote... Algúns queríamos organizar cousas e outros non por medo, non queríamos provocar problemas, e foi un momento delicado porque nós, como directiva, collemos a asociación no 2021 cando aínda estaban as cousas moi complicadas.

Que actividades organizan durante o ano?

Empezamos o ano co Entroido, que en tempos foi un evento moi destacado, non só para a comarca. Houbo anos en que había moitísima asistencia, agora decaeu bastante e o que facemos é unha festa infantil e o que queira asistir pode, e poñemos música e imos todos disfrazados. A seguinte actividade é o San Antonio, a

festa patronal de Louseiro, que acolle dous días: o sábado, que temos sesión vermú e queimada, e o domingo, cunha sesión vermú e verberna. Esta festa coincide antes do San Xoán, e temos actividades para os nenos. Estamos moi centrados nos pequenos porque antes non tiñamos e agora si, e derivamos cara a eles. En verán facemos unha festa que se chama ‘Louseiro Ye-yé’, que consiste en vestirmos de ye-yés do ano 70 e facemos un *guateque*. Este ano non o fixemos, pero queremos facelo este ano. O último fin de semana de agosto, o domingo, facemos unha comida de confraternidade no campo da festa de Louseiro. Xuntámonos



para comer, traemos unha polbeira e aproveitamos que hai xente de fóra que vén a casa. Despois, toca o San Martiño Canibal e, por último, o 31 de outubro celebramos o magosto no colexio de Louseiro e asamos as castañas.

O festival San Martiño Canibal, como xurdiu a idea de organizalo hai 11 anos?

O San Martiño coincide co día máis próximo do San martiño e organizamos un festival de música no

campo da festa con sesión vermú, cocido e, ao longo da tarde, unha actuación infantil e logo os grupos de música seguidos. En Louseiro sempre houbo as festas do San Antonio e o San Martiño. A primeira festa sempre se celebra desde hai 20 anos, pero o San Martiño era unha festa de inverno que se celebraba e logo se deixou de celebrar. Así que a idea de recuperalo xurdiu coa idea de melloralala, dándolle unha volta e modernizándoa. Ademais, David, do Buri, sempre estivo moi involucrado porque formou parte da directiva dos Gorriós e ten bagaxe no mundo musical, polo que sempre nos axuda e nos busca os grupos.

A actual directiva leva dous anos organizando esta iniciativa, como é o proceso?

Todos os que estamos na directiva imos rotando, sempre hai alguén que estivo con anterioridade. Isto complicouse desde que empezamos ata agora, o tema de papelame fixo que se complicara todo moito, sobre todo para cambiar de directiva, o que imos facer en breves. Porén, o demais organizámolo ben, xa que pedimos subvencións ás distin-



tas administracións, que nos axudan, pero tamén somos conscientes de que as asociacións deben financiarse soas e a través das cotas dos socios e grazas a que tamén a asociación veciñal de Louseiro mercou hai anos o campo da festa da aldea, podemos facer cousas sen moito problema.

Agora cambia a directiva, cantos presidentes houbo?

Houbo catro presidentes: eu fun a primeira, despois relevoume Diego López, a continuación foi José Ángel Díaz Quintana, seguiuno Manuel López, logo volvíu eu e agora relévame Quintana de novo.

Como é a acollida dos veciños e veciñas das iniciativas?

A xente está contenta co que facemos. Todos pensan que as nosas iniciativas son maravillosas e eu penso que valoran as cousas porque aquí nos coñecemos todos e saben as nosas situacións familiares e laborais, entón sacar tempo para iso é de valorar e a xente faino. Así que moi ben.

Por que é importante esta asociación para Louseiro?

A asociación hoxe por hoxe é un referente para todos os veciños. Todas as iniciativas colectivas pasan por ela e dependen dela: dende a Internet a calquera arranxo que precise a nosa sede, e tamén todos os eventos que se organizan no pobo son organizados pola asociación. Louseiro é unha aldea de arredor de 100 habitantes e a asociación é o noso centro cultural. Todo o que se poida facer por mellorar a vida da nosa aldea cana-

lízase a través da asociación. O asociacionismo é unha maneira de loitar para conseguir servizos para a aldea. No caso do San Martiño, dálle vida a Louseiro, fai que sexamos máis amigos, que esteamos máis unidos, e isto mellora a vida. Canto máis te relacionas coa xente, máis felicidade dá e ese é o obxectivo: facer feliz á xente. Hai xente que vive soa. Nas aldeas hai pouca xente, entón estas iniciativas fan que xurdan relacións. Ademais, a min paréceme importante compartir actividades para todos os tipos de xente e entre distintas xeracións, entre avós, pais e nenos, que provocan o intercambio cultural. **E para o conxunto de Sarria e comarca?**

Eu penso que esta asociación é un exemplo para toda a comarca. Destacaría o noso espírito altruísta, colaboracionista e continuado no tempo. A pesar de ter pasado 20 anos, todos e todas as que estivemos na creación seguimos apoiando todo o que se fai, tirando uns polos outros, propoñendo novas iniciativas e dando alento dende dentro da directiva e dende fóra.

Paga a pena seguir?

Si, sempre merece a pena seguir, a pesar das situacións. Pero si, sempre merece a pena pola xente, por dinamizar o pobo, porque non se pode deixar morrer isto, paréceme moi importante que os nenos saiban de onde son, o arraigo, compartir isto entre eles cando sexan maiores e que se queiran como a xeración anterior.

TE ESPERAMOS
EN TU TIENDA
OFICIAL
MASlife:

📍 Rúa da
Liberdade, 133.
Sarria.

☎ 622 82 62 88



TU ANTIGUA
TIENDA YOIGO

AHORA
TE OFRECE
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO

Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Casa de Aíra Padron



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abreiros todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696

O PP e o PSOE avogan por seguir investigando o caso do matadoiro



No último pleno, os concelleiros do PP e do PSOE votaron en contra das novas taxas do matadoiro conforme ao IPC, unha proposta do Goberno local de Claudio Garrido, que defende a necesidade de actualizar unhas tarifas que levan oito anos conxeladas nun servizo “deficiente”.

O incremento, de 20,8%, serviría, segundo o Goberno local, “para compensar o burato de máis de 200.000 euros detectado nas contas do matadoiro e tamén o xustifica porque “así o contempla a ordenanza”.

O PP de Sarria condena que “a única medida que propoña o alcalde en relación ao matadoiro municipal sexa a subida de taxas”, porque consideran que “o prioritario é aclarar a situación” e “determinar o déficit real”. Así, a popular incidiu en que “a xestión do Goberno local neste asunto é caótica, un descontrol absoluto, froito da falta de xestión e rigor, avalado polo alcalde que estaba advertido dende o 2022”.

Así mesmo, o PSOE tamén votou en contra porque cren que a subida do IPC debería ser “progresiva, non dun 20%”,

segundo explicou Benjamín Escontrela, portavoz socialista. Pola súa banda, o BNG de Efrén Castro abstívose despois de apuntar que “cada vez hai máis distancia entre os gastos e ingresos no matadoiro”, apuntando a que este sector “é moi importante para unha comarca con forte sector primario”.

FALTA DE DIÁLOGO. Benjamín Escontrela, voceiro municipal do PSdeG en Sarria, ademais, denuncia que a falta de diálogo do Goberno local “prexudica á veciñanza” e sostén que é “incapaz de contar coa oposición para tratar de chegar a acordos que beneficien aos cidadáns”. Desde o PSOE din que no pleno non saíron adiante cuestións importantes para a localidade como a actualización do IPC nas taxas do matadoiro municipal ou o requirimento dun estudo luminoso para a vila por este motivo.

“A día de hoxe quen está a bloquear e a entorpecer sistematicamente a xestión municipal é o propio Concello. Non hai diálogo e nun Goberno en minoría debería ser unha cuestión imprescindible”, concluíu.

A vila acollerá un Mercado de Nadal para promover o comercio local

O Concello de Sarria súmase ás iniciativas de Nadal dos seus concellos veciños e pon en marcha o seu primeiro Mercado de Nadal, que se celebrará entre o vindeiro 21 de decembro e ata o 7 de xaneiro de 2024. Así, todas as asociacións, artesáns, ONG’s, comerciantes, artistas, produtores e demais persoas interesadas en participar cos seus postos expostos nas rúas de Sarria, poderán inscribirse desde hoxe e ata o 10 de decembro.

Desta maneira, os veciños e veciñas de Sarria, así como visitantes, poderán desfrutar dunha iniciativa para promover a vida na vila e o comercio, algo que xa fan concellos como Monforte, Guitiriz ou Lourenzá.

Para inscribirse, haberá que mandar un correo á dirección cultura@sarria.gal, indicando o nome com-



pleto, os produtos a ofrecer, un teléfono e un correo electrónico.

CONCILIA. Abre o período de solicitude de prazas na Ludoteca de Nadal

‘Sarria Concilia 2023-24’, que se desenvolverá do 26 de decembro ao 5 de xaneiro nas instalacións do CEIP Frei Luís de Granada.

Esta actividade, á que se poderán apuntar as persoas interesadas ata o día 12 de decembro, conta con número de prazas limitadas e está dirixida aos nenos escolarizados nas etapas de Infantil e Primaria.

O servizo dividirase en tres horarios, Madrugadores, de 7.30 a 9.30 horas; Ludoteca de Nadal, de 9.30 a 14.00 horas; e As tardes do cole, de 14.00 a 15.30 horas, que inclúe servizo de friameira, garda e custodia.

As solicitudes deben presentarse no Rexistro xeral do Concello de Sarria e a publicación provisional da listaxe de admitidos realizarase o día 14 de decembro e o 20 de decembro publicárase a listaxe definitiva de admitidos.

A oitava edición do Black Friday da ACES de Sarria premiou a Pilar Macía

Pilar Macía López foi a premiada na oitava edición do “Black Friday” do Centro Comercial Urbano de Sarria-ACES de Sarria que tivo lugar durante o pasado venres e sábado, días 24 e 25 de novembro. Foron dous días nos que os establecementos abriron no seu horario habitual e ofertaron os seus produtos ata un 20% de desconto. Así, por unha compra en Joyería Díaz, levou o premio dun vale de 200 euros para gastar nos comercios asociados á ACES, a través do rexistro dos seus tickets de compra.

Un total de 26 establecemen-



tos participaron nesta edición organizada dende a Aces-CCU, comercios que pertencen a moi diferentes sectores: textil, com-

plementos, agasallo, calzado, decoración, iluminación, etc... na búsqueda de promocionar ás vendas dos artigos de tempada.

ARQUITECTO TÉCNICO

OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA

XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS
arquitecto técnico

PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA
COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD
CERTIFICACIONES / INFORMES
TRABAJOS TOPOGRÁFICOS
ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN
URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

“Apreciamos moito o bo facer e o noso produto é da mellor calidade”

Sonia Romay é a xerente da Facenda Farruquiño, que abriu unha tenda recentemente en Sarria

Como xorde a idea desta empresa?

Facenda Farruquiño, é unha pequena empresa de alimentación e elaboración que nace no 2016 a partir dunha gandería familiar co fin de comercializar e poñer en valor os nosos animais criados na casa, nun momento no cal a industrialización das carnes que se comercializaban facían difícil a existencia de ganderías que tiñan procesos de produción lenta e coidada, como a nosa. Por iso decidimos crear Facenda Farruquiño, para ter a nosa propia marca e darlle valor ao ben feito. En esencia, somos a terceira xeración dunha familia de gandeiros produtores de gando vacún e porcino.

Como é a produción dos produtos?

En Facenda Farruquiño apreciamos moito o bo facer e a sustentabilidade do de antes. É por iso que despois da xubilación dos nosos antecesoros aproveitamos o seu legado para facer un embutido na Fonsagrada a partir da nosa materia prima, que nós cualificamos como excelente. Os porcinos criados na gandería Facenda Farruquiño, en Cospeito, teñen un trato moi coidado, dende que van ao mata-doiro ata o momento de traballar a materia prima. Coidamos moito o trato e manexo nos desprazamentos ata A Fonsagrada, onde se fai o proceso artesanal e a súa curación para darlle saída a ese embutido tan especial.

Que produtos ofrecen?

Ofrecemos unha cesta da compra integral, dende produtos do agro galego seleccionados, ademais os elaborados da nosa propia marca, coma os salgados do porco, cacheiras, lácón, soá e o noso embutido



feito e curado na Fonsagrada. Traballamos moi ben os produtos de primeiras marcas, os de toda a vida, con moi bos prezos e ofertas, algo que os nosos clientes valoran moito. Ofrecemos de todo sen ter que moverse moito, xa que hoxe en día non hai moito tempo. O que buscamos é ofrecerlle ao cliente unha cesta completa, produtos frescos, carnicería de primeira, froita, conxelados...

Como é o trato cos provedores?

A verdade é que temos un número importante de provedores dos que seleccionamos o mellor e normalmente compramos sempre aos mesmos. Somos metódicos e traballamos con moito rigor. Sempre que é posible, damos preferencia aos provedores locais.

Teñen máis sedes noutros lugares, por que?

Estamos en Burela, Abadín, Cospeito e Sarria, e ademais temos unha

liña de Autoventa con diferentes rutas pola provincia de Lugo.

Por que son importantes estes sitios para un lugar como Sarria?

Sempre tivemos Sarria como referente. É unha zona, para nós, referente en forza, en emprendemento... é un pobo que coida e valora o mercado local, nós sempre respectamos e compartimos iso. Se nós mesmos non somos capaces de apreciar e darlle valor ao noso, os demais tampouco, e sempre quixemos poñelo en Sarria polos nosos principios. Ademais, aprecian o bo facer. Cremos que poden valorar o noso embutido da Fonsagrada que ten unha climatoloxía ideal para o curado. En Sarria iso valórase porque son de tradición gandeira e de embutido. Non queremos rivalizar con Sarria, pero queremos ofrecerlles o noso embutido de montaña.

Que expectativas de futuro teñen?

Pensamos que é un sector que está en continuo movemento. Non hai

estancamento, porque hai un mundo de posibilidades para avanzar. Hai moitas opcións para aprender e medrar, e está en continuo desenvolvemento. Ademais, aínda que pareza que hai unha fenda xeracional no sector, o que é bo sempre é bo. Esta é a esencia de todo, o que foi bo ten que seguir sendo bo, haberá que darlle forma e conducilo ás necesidades actuais da poboación. O noso obxectivo é seguir medrando, consolidar e estruturar a nosa empresa arredor dos nosos piares fundamentais: o equipo de traballadores son o noso piar, por iso un dos obxectivos é consolidar o equipo de Farruquiños. Sempre sen esquecer as nosas raíces, a nosa gandería, a nosa marca. Temos claro de onde vivimos e a quen nos debemos, fundamentalmente aos traballadores que abren e pechan as tendas cada o día, que dan a cara, que ofrecen o mellor de si mesmos para seguir mellorando.

O IES Xograr Afonso gaña o premio ás Boas Prácticas en Educación Inclusiva

O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria vén de gañar o premio ás Boas Prácticas en Educación Inclusiva, en recoñecemento ao traballo desenvolvido co proxecto “Ollando realidades, medrando en oportunidades”.

Así, a comunidade educativa foi recoller o premio a Santiago, no marco dun congreso internacional de inclusión educativa, no que o conselleiro de Educación, Román Rodríguez, explicou que estes recoñecementos son unha “inspiración para continuar avanzando cara a un sistema máis inclusivo”.

Concretamente, os de Sarria gañaron na categoría B, destinada a ESO, Bacharelato, FP e educación de persoas adultas e ensinanzas de réxime especial.

Mellorouse a iluminación da Igrexa de San Salvador

A iluminación da igrexa de San Salvador de Sarria vén de ser mellorada a través dun proxecto de mellora da iluminación exterior do edificio por parte do Concello de Sarria.

Esta actuación está financiada a través dun convenio para a mellora paisaxística e promoción do Xacobeo no Camiño Francés, asinado coa Axencia Turismo de Galicia e coa Mancomunidade do Camiño Francés.

Con estas melloras, os peregrinos que cheguen ou partan de Sarria pola noite, poderán chegar a un sitio referente no Camiño e iluminado, para poder velo de forma axeitada.



Nuestros clientes ya están viendo sus resultados



Tratamientos capilares en Lugo, sin injertos ni dolor

En nuestro centro Bajo Cero Lugo nos dedicamos al cuidado capilar con un innovador tratamiento, “la crioterapia”.

Esta técnica no invasiva e indolora, activa y estimula las células madre ayudando a la construcción, regeneración y reparación de nuevo tejido de forma natural.

El tratamiento consta de diferentes fases que ayudan a estimular el cuero cabelludo con un ingrediente muy especial “El Frio”.

La crioterapia capilar nutre, hidrata, purifica y revitaliza el cabello

Combate la caída del cabello, la dermatitis, la caspa y la seborrea

Pide tu diagnóstico con higienización incluida

669 692 734

GRATIS!

Avda. de la Coruña, 150 bajo. 27003 Lugo



“É fundamental que os nenos medren con principios como o respecto”

A escritora presenta ‘O misterio do tulipán’ o 28 de decembro en Sarria

‘O misterio do tulipán’ creou un entorno máxico e xa é algo que vai máis alá”. Así resume Yolanda Álvarez, escritora de Bóveda, a acollida que está a ter o seu primeiro conto, co que achega aos máis pequenos valores como o respecto e o bo trato. Pero esta amante das artes non quere que a súa historia quede no papel, polo que está a amosar a súa obra en distintos puntos da xeografía galega a través dunha presentación interactiva, apoiándose na música de Martín e Gonzalo, que forman parte do grupo Louband.

“Cando fixen a miña primeira presentación en Bóveda, sabíame a pouco sentarme nunha cadeira e falar, así que pensei en organizar un contacontos tirando dos meus recursos de animadora sociocultural”. Desá idea naceu a colaboración cos dous músicos independentes, que xa son unha parte esencial do seu proxecto. “Primeiro comenteillo a Martín porque sei que é músico e ten experiencia no tema de contacontos con marionetas e involucrouse dende o minuto dicindo que colaboraba co trombón e coas ideas, pero que tiñamos que buscar unha guitarra, que dá moita máis dozura e harmonía ao espectáculo”, lembra.

A partir deste momento, entrou en xogo Gonzalo, El Chico López, e comezaron a pasar horas e horas no estudo compoñendo e montando os temas. “Grazas a eles naceron as cancións inéditas co seu instrumental e a súa letra. Involucraronse sen nin-

gunha pretensión, deixaron o seu corazón e o seu tempo neste proxecto e comparten ilusión comigo que ao final é algo moi bonito. De feito, imos volver gravar outra canción máis que queremos engadir”.

“Un conto pequeno, fino, fácil de ler, pero que está cargado de mensaxes e de leccións de vida”

“Para min é unha cousa terapéutica, eu non son capaz de facer poemas abstractos, sempre trato de facer pensar e reflexionar”

MÚSICA E VALORES. O Incio e Lugo foron algúns dos concellos que xa puideron gozar da presentación, que chega á Casa da Cultura de Sarria o día 28 de decembro co seu contacontos musical, xogos e pintacaras a partir das 18.00 horas. Neste encontro, volverá a falar do amor propio ou da integración, eixos principais da narración, xa que para ela é fundamental que “os nenos medren con princi-

pios básicos como o respecto e a empatía que tanta falta fan”. Temas que non pasan desapercibidos entre o seu público, a pesar da idade. “É curioso porque léollo a nenos moi pequenos, con 3 anos, que teñen unha certa comprensión e xa o entenden. Pídeslles un resumo e interprétano perfectamente”, di. Os pais tamén o están a recibir de moi boa gana. “Amósanse agradecidos de poder ter na súa casa ese material. Eu mesma como nai estou encantada con cada conto que ten un fondo e que podemos razoar, porque ao final é un recurso co que traballar”. Precisamente, a súa maternidade foi clave na orixe da historia. “Escribina cando o meu segundo neno, que xa ten un ano, acababa de nacer e pasaba bastante tempo no hospital. Cando o mandaron para a casa, de noite necesitaba estar o máis esperta para estar pendente e así empecei a escribir no móbil”.

Durante meses, foi sumando as liñas dunha trama na que os seus dous fillos son a súa gran inspiración. “Eu quería escribirlles algo para contarlles polas noites e que non fora unha historia baleira”, conta. O resultado: “Un conto pequeno, fino, fácil de ler, pero que está cargado de mensaxes e de leccións de vida” e que se chegou a publicar en parte grazas á nai de Yolanda. “Cando o tiña rematado no móbil, unha tarde, sen dicir que era meu, linllo ao meu neno e a miña nai, que me dixo que o tiñamos que tratar de conseguir



xa e traelo para a casa”.

Esa reacción animouna a buscar editoriais e a facer realidade o título co que botou a andar a súa traxectoria profesional no mundo da literatura, que promete ter futuro. “Véxome con máis contos publicados, xa teño outro empezado e outros dous escritos, pero non quero deixar

de lado a poesía”.

Esta escritora tampouco descarta que cheguen ás librarías os versos cos que, do mesmo xeito que con ‘O misterio do tulipán’, trata de transmitir algo. “Para min é unha cousa terapéutica, eu non son capaz de facer poemas abstractos, sempre trato de facer pensar e reflexionar”.

• Embutido artesano sin aditivos químicos ni alérgenos.
• Curación natural con leña de roble (Chorizo, salchichón, lomo, botelo, caçohola, panceta, espinazo, lacón, uñas, rabo).
• Servicio de envíos a domicilio a toda España.
• Venta en las propias instalaciones.
Cancello 17 - Tlf: 636 657 415

La abuela Delfina
embutidos
Triacastela

Se hacen cestas regalo para Navidad, para empresas y particulares

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeon de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiones, 2018, 2022 y 2023

Escuela de TAEKWONDO SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

Ti elixes... Comida a domicilio

PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familiar de Jamón o Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria
Tel. 982 012 026

CAFETERIA Polo

SERVICIO A DOMICILIO
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

Matias Locanda

SERVICIO A DOMICILIO
RÚA MAIOR 4, SARRIA - TELÉFONO: 982 886 112



... Comida para recoller

CERVECERÍA ESPAÑA
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

CERRAMOS LOS MARTES

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...

VARIEDADES DE TOSTAS... COMIDA PARA LLEVAR

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

CAFETERÍA EL PARISIEN Comida para levar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPIS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

BAR Montecarlo

Nuestra carta en tu mano
Comida y cafés para llevar

Rúa Diego Pazos 1. 27600 - Sarria
Telf. 982 88 69 66 621 37 10 22 montecarlosarria.es

COMARCA

“Queremos achegar a nosa actividade musical a todos os concellos”

Adrián Balboa é o presidente da nova asociación musical da comarca

De onde vén o seu amor pola música?

A miña relación coa música sempre foi parella á miña traxectoria vital, sempre estivo aí presente: dende os primeiros pasos da man do meu avó Francisco, un auténtico apaixonado da música, e do grupo de música tradicional que había nos anos 90 en Triacastela, a Asociación Cultural Afonso IX, ate acadar a titulación superior na Escola Superior de Música de Catalunya, pasando todos estes anos por innumerables escolas, conservatorios e agrupacións. Pero a miña traxectoria persoal non ten nada de especial, simplemente é aquela dunha persoa que sente amor pola música e decide nos seus anos mozos adicarse profesionalmente a ela. Os demais compañeiros nesta aventura de fundar unha banda de música teñen situacións similares, moitos deles coa mesma ou maior titulación académica, pero todos, sen excepción, cun amor indiscutible pola música, polas bandas e pola súa terra.

Quen conforma a asociación?

Somos un grupo composto por nove persoas fundadoras, todas residentes nos distintos concellos que compoñen a comarca, que decidimos unir forzas nun ilusionante proxecto destinado a enriquecer a vida cultural da zona, nomeadamente a cultura das bandas de música, tan arraigadas historicamente en Galicia. Os fundadores, todos apaixonados pola música e comprometidos coa comarca, esperamos que a Banda de Música da Comarca de Sarria se converta nun faro cultural e contribúa significativamente á riqueza cultural e musical dos sete concellos: O Incio, Lánchara, Paradela, O Páramo, Sarmos, Sarria e Triacastela.

Como xurdiu a idea de poñer en marcha esta asociación?

Os promotores da idea somos uns apaixonados pola música, á que lle debemos moito, porque como che comentaba, a nosa relación coa música é inseparable da nosa vida, medramos con ela. O certo é que xa levabamos bastante tempo barallando a opción de arrancar un proxecto na zona, un proxecto novo e fresco con personalidade propia, e a finais deste verán pasado decidimos dar o paso e darlle unha concreción e un formato.

“Os fundadores, todos apaixonados pola música, esperamos que a Banda se converta nun faro cultural”

Que obxectivos perseguen?

Esta asociación ten un compromiso sólido e profundo cara a dinamización cultural local, cun enfoque especial nas zonas rurais. O noso obxectivo primordial é contribuír ao enriquecemento cultural e ao acceso á practica musical de toda a veciñanza, especialmente para as xeracións máis novas. Como asociación planeamos levar a cabo un calendario de actividades e proxectos destinados a cumprir os obxectivos fundacionais. Entre eles inclúese a organización de concertos, eventos culturais para promoción das bandas de música populares e a creación de espazos e programas educativos para fomentar o amor pola música nos corazóns dos máis pequenos.

A colaboración con Meigas e Tragos, vital para o desenvolvemento desta nova asociación?

Para levar a cabo este proxecto tiñamos claro que necesitabamos unhas infraestruturas que non iamos poder conseguir a curto prazo, especialmente no que se refire a ter un local suficientemente amplo, iluminado, habitable e con cadeiras suficientes para todos os músicos, polo que dende o principio vimos a necesidade de contar co apoio dalgunha asociación ou institución que nos prestase un espazo apropiado para poder ensaiar. Falamos con Meigas e Tragos e dende o primeiro momento se amosaron moi colaboradores e interesados no proxecto, polo que lles estamos moi agradecidos e agardamos poder actuar na terraza da súa sede cando o clima o permita. En calquera caso, o noso obxectivo primordial é dinamizar a vida cultural da comarca e por iso é seguro que procuraremos colaborar no futuro con outras asociacións e institucións da mesma.

Da man da Asociación, nace a banda, con que motivación?

A Banda de Música da Comarca de Sarria nace co humilde á vez que ambicioso propósito de ser unha banda auténticamente popular: unha banda tanto para músicos afeccionados como para profesionais, e tanto para crianzas como para maiores. É dicir, unha banda interxeracional aberta a todas as persoas con ganas de facer música. Mentres, un dos ambiciosos obxectivos desta asociación é situar a comarca de Sarria no mapa das bandas de música referentes de Galicia, destacando e fomentando o talento local e promovendo a súa visibilidade alén dos sete concellos. Desexamos informar por



Fotografía de María López

tanto que toda aquela persoa que desexe integrarse na formación ou simplemente visitarnos e coñecer-nos pode atoparnos todos os sábados a partir das 19.00 no edificio O Meigallo, no parque do Chanto en Sarria. Temos que agradecer á Asociación Cultural Meigas e Tragos a cesión do espazo destinado os no-

“O noso obxectivo é dinamizar a vida da comarca e por iso procuraremos colaborar con outras asociacións”

sos ensaios así como o fantástico trato e facilidades brindadas dende o primeirísimo día.

Quen é o director desta Banda?

Para capitanear musicalmente esta banda temos a inmensa fortuna de contar coa persoa ideal para o posto de director titular: Jesús López Prado, músico natural de Sarria. Comezou os seus estudos musicais na Escola de Música de Sarria co mestre Francisco Méndez e rematounos nos conservatorios de Madrid e A Coruña. Foi músico militar, profesor de clarinete nos conservatorios de Ourense e Lugo e actualmente Director do Conservatorio Profesional de A Coruña. No ámbito concreto da dirección de banda é unha persoa de sobrada preparación e traxectoria profesional que conta coa experiencia de ter

estado á fronte de bandas coma a de Sober, Melide, As Pontes ou a Banda Sinfónica do Conservatorio Profesional de A Coruña, entre outras. Ademais é unha persoa que está ilusionada e comprometida ó cen por cen con este proxecto.

Cales van ser as actividades que van levar a cabo?

A actividade regular das bandas, como é o habitual en todas elas, son os concertos, e niso imos centrar a maior parte da nosa actividade. Esta mesma semana comezamos a preparar o seguinte, que será o de Nadal. Tamén temos que dicir que para facer honra ó nome que escollemos, tentaremos de realizar o concerto nalgún dos outros concellos da comarca.

Que proxectos de futuro teñen?

Para o vindeiro ano 2024 temos en mente un calendario repleto de actividades, seguramente máis das que imos dar feito. Tampouco é unha cuestión de números, para nos é prioritario ofrecer un traballo de calidade e non de cantidade. Ademais hai que ter en conta a tipoloxía da agrupación en si mesma: é unha banda de música popular. Isto significa que está formada por un conxunto diverso de persoas con outras dedicacións, dende os nenos que acoden á escola ata os maiores que teñen un horario de traballo, o que fai que a dispoñibilidade temporal da agrupación no seu conxunto sexa limitada. Porén, dende a xunta directiva imos facer o todo o posible e o imposible por sacar os proxectos adiante xa que é a nosa responsabilidade.

**AZULEJOS Y
PORCELÁNICOS
DESDE 4€**

**MUEBLES DE BAÑO
DESDE 99€**

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

**outlet
sótano** GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL
azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

**LIQUIDACIÓN
DE STOCK ANUAL**

(Sólo hasta el 15 de enero)

Os colexios do Páramo e de Paradela contarán cun novo museo virtual

A Fundación María José Jove seleccionou aos colexios do Páramo e de Paradela para formar parte do seu programa 'O MUV na escola rural', un proxecto que permitirá ao alumnado desfrutar da intelixencia artificial a través dun museo virtual.

Así, a Fundación facilitará un ordenador e gafas de realidade virtual durante tres meses, entre os meses de xaneiro a xuño de 2024, para que o alumnado e os docentes poidan visitar este museo virtual e coller del os recursos para a formación compartida.

Os nenos e nenas que terán acceso a este curso serán os do segundo ciclo de Educación Infantil e no primeiro ciclo de Primaria, onde os pequenos do rural pode-



rán descubrir a arte contemporánea e co obxectivo de promover a cultura de maneira próxima.

Desde a Fundación defenden que o acceso a arte contemporánea permite potenciar o pensamento artístico, fomentar

a conciencia ambiental e utilizar as prácticas artísticas como ferramentas transversais nos centros educativos, introducindo estas novas tecnoloxías nos centros como ferramentas interactivas.

A RAG busca a palabra do ano e abre a quenda de envío de suxestións

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié acaban de abrir a campaña para a elección popular da Palabra do Ano 2023. Ambas as institucións promoven esta escolla colectiva dende o ano 2014 a través do Portal das Palabras, o proxecto web que comparten para a difusión do léxico galego. O público poderá participar ata o domingo 10 de decembro na fase de recolla de suxestións, da que sairán os vocábulos finalistas. A votación popular desenvolverase entre o martes 12 e o luns 25 de decembro.

A campaña da Palabra do Ano procura identificar voces que incidan dalgunha maneira en cues-

tións especialmente destacadas na conversa pública dos últimos doce meses, que sinteticen como se viviron comunitariamente ou que estean relacionadas con algún fenómeno ou nova preocupación, en ocasións a través de neoloxismos e noutras a través de voces presentes na lingua dende hai moito tempo. A Palabra do Ano pode sinalar tamén arelas compartidas e permite despedir simbolicamente o ano recibindo o que está a piques de comezar con novos azos.

A última palabra terana as persoas que participen no proceso, que consta de tres fases. A primeira, centrada na proposta

de voces, permanece aberta ata o domingo 10 de decembro ás 23:59 horas. Entre o martes 12 e o luns 25 de decembro, someteranse á votación telemática os termos máis significativos e repetidos na primeira fase. Tras as festas do Nadal, a Palabra do Ano darase a coñecer nos últimos días do 2023.

Nas edicións anteriores foron elixidas comadre (2022), tanxugueiras (2021), nós (2020), sentidiño (2019), deseucaliptización (2018), afouteza (2017), irmandade (2016) —coincidindo co centenario das Irmandades da Fala—, refuxiado, -a (2015) e corrupción (2014).

Vaise crear un catálogo entomolóxico para a protección de insectos



Unha das iniciativas, que se está a desenvolver nos concellos de Folgoso do Courel, O Incio, Triacastela e Sober, céntrase na conservación dos insectos transportadores de pole. Entre as medidas incluídas con este obxectivo está a creación dun pequeno catálogo entomolóxico, a identificación das especies máis interesantes para protexer e inventariar ou o deseño e construción de 20 vivendas-refuxios para estes animais.

A esta actuación, moi ben acolida pola veciñanza e as entidades locais, engádense outras como labores de control da vexetación exótica invasora no canón do río Sil, a recuperación da continuidade fluvial no río Lor ou a mellora da sinalización en toda a reserva para impulsar o turismo e a protección do patrimonio cultural e paisaxístico.

A directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, anunciou que o Goberno autonómico realizará o vindeiro ano unha nova convocatoria de axudas para estudos e investimentos

vencellados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e a sensibilización ecolóxica na rede de reservas de biosfera de Galicia. Estas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), estarán dirixidas aos 86 concellos integrados nalgunha das sete reservas da biosfera de Galicia e contarán cun crédito de 1,8 millóns de euros para as anualidades 2024 e 2025.

O consello reitor da reserva analizou todas estas medidas de conservación e a maiores acordou trasladar ao Programa sobre o Home e a Biosfera (MaB) da Unesco a petición de inclusión na Rede Mundial de Reservas de Biosfera de Montaña.

Tamén se están a realizar distintas actuacións no ámbito da Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel para a súa posta en valor e a protección tanto dos espazos naturais como da biodiversidade nestes espazos cun investimento que rolda os 550.000 euros.



“O Goberno galego ten pendente con Lugo romper a barreira da Galicia de dúas velocidades”

José Ramón Gómez Besteiro, deputado pola provincia, será o candidato á Presidencia da Xunta polo partido socialista nos próximos comicios

Logrou un apoio no partido moi elevado para ser candidato. Como se acolle esta situación?

A verdade é que si, ademais que o Partido Socialista é o único que fai verdadeiras primarias. Por tanto houbo ese primeiro momento no que todo o mundo podía presentar as súas candidaturas pero ao final a única que avanzou foi a miña, o cal quere dicir que tivo un respaldo do 100% do partido. E isto é importante, que haxa un partido unido en torno a unha candidatura. Pero así desenvólvese o proceso de primarias, outras veces hai máis candidaturas e hai máis votación, pero esta vez a única candidatura que saíu adiante foi a miña e ao final eu creo que é

saron por unha experiencia pública e privada, eu si a pasei e formoume, eu creo que ademais nese sentido fíxome máis completo. E agora pois esa experiencia que estou vivindo tamén no Congreso dos Deputados, pero xa previa ao que van ser unhas eleccións en Galicia. Eu creo que é unha experiencia moi útil, moi plural e eu creo que iso me fortalece e me enriquece.

Entón quédase coa pública?

Neste momento si, pero quero dicir que os dous candidatos, o do Partido Popular e o do Bloque Nacionalista galego, levan 20 anos metidos no Parlamento por unha razón ou por outra. Rueda leva 14 anos na Xunta, Ana Pontón creo que leva 20 anos

meses de delegado pois eu creo que desde o primeiro momento puxen o pé en terra, pé a estar preto dos cidadáns e ver os proxectos, foi pouco traballo de despacho e moito de proximidade. E na miña vida privada seguín vivindo a política de forma intensa, de forma próxima. Por tanto, eu creo que non foi difícil, porque o fago da forma na que máis me identifico, que é unha política próxima.

Foi designado para xestionar a investidura de Sánchez, despois de ser delegado, significa unha gran proximidade co presidente?

Eu creo que, e non é por falsa humildade, realmente Pedro Sánchez é un home moi próximo a Galicia máis que o feito de que eu estea próximo a Pedro Sánchez, que é verdade, teño unha afinidade e unha proximidade con el. Eu creo que neste caso Pedro Sánchez está máis próximo a Galicia que outra cousa e que vive moi intensamente as cuestións galegas. Ténho dito moitas veces, en clave de inversións e de apostas por Galicia, foi o Presidente máis galego de todos os que coñezo na democracia, do PSOE e do PP.

Como ve a situación antes do comezo da campaña?

Eu creo que estamos xa tocando o cambio, fraguando a idea de que efectivamente Galicia ten que pasar páxina do Partido Popular e que despois de 14 anos este é un Goberno esgotado, un Goberno que está presidido por unha persoa triste, cun proxecto triste de Galicia. En definitiva, eu creo que a xente quere algo máis, Galicia merece algo máis. Nesa liña o Partido Socialista vai xogar un papel importante, vai dirixir ese cambio que soamente se vai producir se o lidera o Partido Socialista. Ademais, estamos nesa liña, a xente ve ao Partido Socialista como ese partido que pode aglutinar, que pode responder positivamente a ese



cambio e que ademais o lidere. Eu son tremendamente optimista, esa é a hipótese coa que traballo porque é a que percibo no día a día.

Falando da provincia de Lugo, que necesidades ten para ser abordadas dende o Goberno galego?

O Goberno galego ten unha materia pendente con Galicia, con Lugo en concreto, que é romper esa Galicia de dúas velocidades. É dicir, durante estes 14 anos o que se fixo foi abrir máis esa fenda entre Lugo e Ourense co resto de Galicia. Galicia non funciona á mesma velocidade e en Lugo en concreto todos o sabemos. A cohesión territorial e social brilla

“Estamos xa tocando o cambio, fraguando a idea de que efectivamente Galicia ten que pasar páxina do Partido Popular”

pola súa ausencia, como as políticas de envellecemento, os servizos sociais, a sanidade (cada vez máis distanciada dos cidadáns), con residencias modelo granxa que ten en marcha a Xunta de Galicia para as persoas maiores. Pero dende o punto de vista do Goberno galego quedan moitas infraestruturas por rematar, as conexións entre a parte interior de Lugo, e estoume referindo á conexión entre A Fonsagrada e

Becerreá, esa parte interior está sen facer; a conexión da Mariña, o VAC da vía norte leva 14 anos sen facerse, non se remata a duplicidade de dobre ancho de autovía entre Lugo e Monforte que a ten que facer a Xunta de Galicia. A desconexión das infraestruturas é total, o desinterese é absoluto, coma en Lugo, onde leva 20 anos sen facerse o Plan Paradai e non se desenvolve a Rolda Leste. En definitiva, en infraestruturas estamos peor que nunca e cun departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia que mira para outro lado, o único que saben facer é poñerlle deberes aos demais, pero non facer os seus. Temos tamén unha aposta definitiva e unha revolución urxente no mundo do agro, no mundo forestal e sobre todo da garantía para todos os gandeiros da estabilidade e do desenvolvemento enerxético, onde Lugo pode ser unha potencia e non o está sendo. En definitiva, Lugo ten que vencer fronte a esa desconexión que ten do resto do arco atlántico de Galicia e por iso esas apostas pola reindustrialización que son comúns en Galicia, pero especialmente na provincia de Lugo son necesarias urxentemente.

Ve a Rueda máis débil que Feijóo á hora de loitar pola Xunta?

Eu véxoos débiles aos dous. Eu creo que Feijóo apostou, e ademais a debilidade marcouna el, dixo que ía gañar as eleccións, que ía ser presidente do Goberno e a realidade é testana e os votos son testáns tamén e demostraron que non, que non ía ser o próximo presidente do Goberno. Polo tanto, el mesmo marcou a liña entre ganador e perdedor. Agora é un perdedor. Non hai nada de malo niso, é algo democrático, pero hai que asumilo e el aparece agora coma un perdedor. E eu creo que Rueda vai ser o seguinte perdedor porque efectivamente responde ao que che dicía antes, Rueda non é un descoñecido, aínda que nalgúns sitios de Galicia non o coñecen, por iso agora está involucrado nunha carreira porque o coñezan. Pero logo de 14 anos de estar no Goberno como vicepresidente, como man dereita de Feijóo tamén é responsable destes 14 anos. E estes 14 anos o que representan



unha cuestión positiva que, despois dese proceso de primarias, pois haxa unha única candidatura que represente a todo o partido e que todo o partido está detrás dela.

O seu regreso á política é recente e xa ocupou cargos de relevancia, como delegado do Goberno e agora como deputado. Como foi esta experiencia?

Foi moi pouco tempo (como delegado) pero foi un tempo moi intenso tamén porque era un momento de fondos europeos, de poñer en marcha o plan de recuperación do Goberno. Foi sumar a unha experiencia que tiña previamente no ámbito local durante oito anos e no ámbito provincial na Deputación. Polo tanto foi retomar outra área da Administración que se suma á que tiña no ámbito local e provincial. Pero durante os 8 anos anteriores que estiven fóra da política pois creo que tamén adquirín unha experiencia importante, como profesional autónomo, que non todos o poden dicir. Dos candidatos que vai haber á Xunta non todos poden dicir que pa-

no Parlamento e eu estes últimos 20 anos combinei a experiencia pública cos últimos 8 anos como autónomo.

Costou collerlle o ritmo á vida política?

A verdade é que a min a política sempre me apaixonou. Como sempre fixen unha política de proximidade eu creo que iso o aprendín moi ben no mundo local, no Concello, pero practico igualmente esa política de proximidade. De feito cando estiven eses

REUNIÓN COAS XUVENTUTES SOCIALISTAS EN LUGO

José Ramón Gómez Besteiro interveu na apertura da escola de outono das Xuventudes Socialistas de Galicia que tivo lugar na cidade amurallada. Na mesma, trataron os principais asuntos que preocupan á mocidade galega, como os problemas do transporte, o difícil acceso á vivenda, as deficiencias da Universidade e a FP, así como a saúde mental e os trastornos aditivos.





agora é un proxecto esgotado, que confronta con todo o mundo. Polo tanto eu véxoo como perdedores aos dous, un xa o é e polo tanto non se pode presentar en Galicia como gañador e Rueda porque vai ser o perdedor.

Aínda que non hai programa, pode avanzarnos cales serán os principais puntos da programación socialista?

Hai un primeiro que é o eixo da reindustrialización, esta é unha decisión dos socialistas tomada de acordo co Goberno do Estado pero tamén co Goberno de Europa. É dicir, hai que volver a reindustrializar os territorios e para Lugo e Galicia iso é fundamental. Somos un territorio enerxético toda Galicia, temos vento, temos auga, en definitiva somos unha potencia de produción de enerxía. E iso vai vinculado a reindustrializar porque o que nós defendemos a diferenza doutros partidos é que a reindustrialización ten que ir da man de onde se produce esa enerxía e por tanto se Galicia vai producir moita enerxía e está en predisposición de produci-la ten que recibir os beneficios da reindustrialización. A nós vains dar igual sempre e cando as industrias volvan outra vez para Galicia, entendemos que ten que haber un prezo unitario da enerxía para todos os españois, queremos romper España co prezo da enerxía? Pero si queremos que as industrias veñan para Galicia porque é xusto que es-

tean onde se produce esa enerxía que consume. Date conta que para unha industria máis do 50 % dos custos son custos enerxéticos. Por tanto se temos enerxía que producimos e a producimos barata, o lóxico é que veñan para aquí as industrias.

En segundo lugar, a cohesión territorial e social, que vai relacionada

“Se temos enerxía que producimos e a producimos barata, o lóxico é que veñan para aquí as industrias”

coas infraestruturas, coas conexións, Galicia está desconectada e a Xunta en transporte público non fixo nada. Estamos agora cunha crise en transporte público e unha desconexión da Galicia interior co resto. Crecemento intelixente é outra das dinámicas que temos que levar adiante, porque o Crecemento intelixente o que produce son máis empregos e mellor remunerados, que é o que queremos. Nós estamos educando a unha gran parte da mocidade e esa mocidade formada ten que saír fóra de Galicia porque non ten oportunidades para ser contratada aquí no que se formou e por iso temos que loitar

para ese crecemento intelixente. En Galicia vai haber unha aposta importante por esas novas tecnoloxías, a Axencia de Intelixencia Artificial. En definitiva temos todo o posible para xerar ese traballo pero sobre todo que sexan traballos ben remunerados, que son os que atraen, para que esa xuventude non se vaia.

Hai que dar resposta a unha situación que é letal para Galicia que é o envellecemento da poboación. Con respostas máis modernas, máis eficaces, que vaian máis co sentir da vida das persoas maiores de agora que non das de fai 20 anos. Ese ingreso nesas macrorresidencias que creo que non tratan adecuadamente o fenómeno da velez tal e como o estamos vivindo agora, senón dunha forma distinta, xerando capacidade de crear postos de traballo e unha economía entorno a ese sector. E finalmente, hai unha aposta pola dixitalización que é o que nos vai unir a todos máis, o que nos vai achegar a todos, máis alá das infraestruturas viarias e ferroviarias. Hai que levar ao 100% do territorio de Galicia esa vía que é a Internet, que é a dixitalización, que nos vai permitir tamén traballar en zonas que ata agora pensabamos que non podíamos traballar e levar o teletraballo a zonas que nos vai permitir recuperar poboación. Estes son os eixos, onde non pode faltar efectivamente a gandaría, a agricultura, o sector primario tan importante en Galicia e como non unha visión de Galicia cara ao mundo, cara ao exterior, unha Galicia aberta. Creo que aí non desvelo nada cando o Partido Socialista se vai distinguir das outras forzas políticas por demostrar un proxecto mirando moitísimo máis cara fóra e sen esa tristura dos partidos políticos en Galicia, do Partido Popular pero tamén do BNG, de mirar cara dentro soamente. Nós temos moito que ofrecer, pero tamén temos moito que recibir de fóra das nosas fronteiras e desa visión moitas veces miope que remata en Pedrafita. Eu creo nunha Galicia máis



moderna, máis aberta, máis próspera que é a que vamos enfocar no noso programa electoral.

En caso dunha maioría relativa, podería editarse un pacto co BNG?

Eu creo que si se produce ese cambio é un cambio que vai liderar o Partido Socialista e entorno a iso suma-

“Temos moito que ofrecer e moito que recibir fóra das nosas fronteiras e desa visión miope que remata en Pedrafita”

remos porque unha das virtudes que ten o Partido Socialista é que baixo un goberno progresista si é quen de aglutinar a máis partidos. Eu dicíao a primeira vez que falei no Congreso que rematei a miña intervención que foi para defender o galego, que nós somos capaces de acordar para avanzar, acordar sempre cando sexa para avanzar e prosperar. Aí vai estar o Partido Socialista e eu confío en que ese cambio se vai producir e o vai liderar o Partido Socialista porque si somos capaces de construír un proxecto progresista novo e diferente do que está representando o Partido Popular.

Que lle pode ofrecer o José Ramón Gómez Besteiro a Galicia?

O que pretendo aportarlle a Galicia é que eu e o meu partido supoñan unha aposta de futuro para Galicia, unha aposta de futuro segura, unha aposta de futuro fiable, unha aposta de futuro que sexa conciliadora, que non furgue nas diferenzas, senón no que nos une. E sobre todo ofrecerlle unha aposta de futuro a Galicia sen complexos de ningún tipo, nin nacionalistas nin estatistas. Esa Galicia sen complexos é a que eu quero e espero aportar para Galicia.

Cre que habrá un adiamento electoral?

Eu creo que si, eu creo que ademais a situación de agora do Partido Popular é de certo nerviosismo, estase falando de amnistía e de cousas que ao final a moita xente nin lle importa. A maioría da xente, eu non escoito falar diso, cando os problemas reais de como chega a fin de mes, de como está a cesta da compra, de como conseguimos traballo, de se a xente moza se vai ou non se vai, de que expectativas de futuro hai. Ao final a xente fala do que realmente lle interesa, pero eu creo que si que vai haber un adiamento electoral porque o PP está nervioso e efectivamente o PP ve que o cambio non é algo que perciba só o Partido Socialista, senón que o ve aí e vai intentar loitar contra iso.

C-27-000501



Centro de

logopedia

M^o del Mar Tourón
N^o de colegiada 15/0048

Y TÚ
¿CÓMO
HABLAS?

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 33 Entlo. 27600 Sarria Tlno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

AEROTERMIA

SUELO RADIANTE

BIOMASA

INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

FONTANERÍA Y GAS

VILAR VALCARCEL S.L.



C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

O 25N deixou numerosas imaxes nos diferentes concellos da comarca



PINTOR

**PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE**
659 767 936

**HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES**
C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

**PINTURAS HOGAR
LATAS**
tel.:659 76 79 36

**¡BIENVENIDO AL
CAMBIO DIGITAL!**

Soluciones digitales para que tu negocio crezca. ¡Desde 2.000 € hasta 12.000 €!

Servicios relacionados con el Kit Digital:

- Diseño de página web y presencia en Internet
- Diseño de tienda online y comercio electrónico
- Gestión de redes sociales

Somos mucho más que una agencia de publicidad
Somos tus agentes digitalizadores en Sarria (Lugo)

©/ María López N°36, Bujón - 1144 421 29 11 66 - www.ahb.com

red.es

O Concello dota á brigada de obras dunha nova escavadora

O Goberno local vén de adquirir unha escavadora para a prestación de servizos municipais, segundo anunciou o alcalde do Incio, Héctor Corujo, que foi o encargado de recibir a máquina, que foi entregada por Fernando José López Méndez, responsable da empresa Fevisa.

Esta actuación, que supón un investimento de 54.450 euros, conta cunha axuda de 29.000 euros da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con cargo ao Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado a Concellos de Galicia de poboación inferior a 15.000 habitantes, dentro da súa liña 2, Subministración de maquinaria e equipamento para a prestación de servizos municipais.

Así, trátase dunha máquina modelo Hidromek 102S, con diferentes cazos retro e cazo dian-



teiro que pola súa versatilidade permite que poida ser utilizada en traballos moi diversos, adquirida a Fevisa Vías y Obras S.L. e.

“Grazas a este equipamento o Concello dota á brigada de obras e servizos dunha maquinaria coa que non contaba e que permitirá dar resposta a diferentes tipos de necesidades

como reparacións de camiños, da rede de abastecementos ou saneamentos, retirada de neve, acometer pequenas obras, etc., dunha forma máis eficiente e rápida e que en definitiva mellorará os tempos de resposta ante todos tipo de incidencias e a calidade de vida dos veciños e veciñas”, explican desde o Goberno local.

Aberto o prazo de presentación para a prestación de servizos do SAF

O equipo de Goberno vén de sacar a licitación o servizo de axuda no fogar (SAF) nas modalidades de libre concorrencia e dependencia por valor de 120.432 euros e as empresas poderán presentar as súas ofertas ata o 13 de decembro.

Este servizo, segundo o alcalde do Incio, Héctor Corujo, é unha prestación social moi im-



portante para case 50 veciños e veciñas, xa que 34 son persoas dependentes e 13 reciben o servizo en libre concorrencia, “é un servizo fundamental”.

Actualmente, hai 15 traballadoras que se encargan de levar a cabo o servizo municipal, 11 delas contratadas polo Concello e as outras catro contratadas por unha empresa.

En marcha un programa de actividades para os máis cativos durante o Nadal

O Concello pon en marcha un programa de actividades para o Nadal dirixidas a nenos e nenas de 3 a 13 anos. Os máis pequenos poderán gozar de obradoiros, contacontos e música entre decembro e xaneiro.

As propostas, que se realizan en horario de 10.00 a 14.00 horas, comezan o 26 de decembro cun obradoiro de tarxetas de Nadal. O día 27 poderán aprender a calcetar, na actividade do 28 o protagonista será o humor e na do 29 levarán a cabo a despedida do ano con festa e badaladas. O programa continúa o 2 de xaneiro cun obradoiro de reciclaxe para facer bolas de neve, mentres que o día 3 poderán gozar dos instrumentos musicais. O xoves 4 os nenos e nenas do Con-

cello poderán participar nunha sesión de contacontos e ao día seguinte xa se prepararán para a noite de Reis. Os interesados en participar deben anotarse no Concello.

OBRADOIROS. O Concello continúa aumentando as propostas que conforman o seu programa para as próximas festas. Deste xeito, pon en marcha dous novos obradoiros de coroas de Nadal para adultos.

A actividade organizada no multiusos do Concello, terá lugar o día 17 de decembro. O prezo é de dez euros co material incluído. As prazas son limitadas, polo que as persoas interesadas en participar deben anotarse no Concello ou no 982 427 014.

Retrásase a primeira recollida trimestral de enseres de 2024

O Concello do Incio atrasa a recollida trimestral de enseres que tocaría realizar na primeira semana de xaneiro, para que se leve a cabo na semana do 15 ao 21 de xaneiro.

Desta maneira, os veciños e veciñas das diferentes parroquias do Incio poderán deixar os seus enseres na semana do 8 ao 14

de xaneiro, coma sempre, ao carón dos contedores verdes. Esta decisión tomouna o equipo de Goberno co fin de facilitar que os veciños e veciñas poidan facer a limpeza durante todo o Nadal e así realizar unha limpeza máis exhaustiva e con máis tempo de cara ás festas de Nadal..

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

“O noso labor é investigar, divulgar e poñer en valor o patrimonio”

Arturo de Lombera é o codirector da escavación da Cova Eirós desde 2008

Como xurdiu a idea de poñer en marcha esta escavación?

Nós, desde a Universidade da Coruña, estabamos facendo en Monforte de Lemos un proxecto de investigación recuperando ferramentas megalíticas e en 2008 decidimos marchar cara á Cova Eirós de Triacastela, que xa era coñecida polas investigacións que fixera a UDC nos anos 80, nos que se descubriran ósos de animais e tamén pola sonda-xe que se fixera no ano 1993, na que se atoparon artefactos do paleolítico. Por iso, comezamos no 2008 de novo cunha escavación que dura ata o día de hoxe.

Cales son os descubrimentos máis importantes destes anos?

Na Cova Eirós descubrimos varias achegas relevantes para o noso patrimonio, tanto a nivel mundial como local. Os máis relevantes foi a descuberta de arte rupestre paleolítica, que foi a primeira vez que se viu algo así en Galicia. Por outra banda, descubriuse que este xacemento acolleu a presenza e ocupación de sociedades de hai 45.000 anos e ata a época medieval. É dicir, viviron nesta cova neandertais de hai 45.000 anos e homo sapiens de ata a era case actual, da época medieval. Grazas a este descubrimento, puidemos reconstruír os modos de vida das diferentes especies de homínidos, pero tamén das especies, da flora e da fauna da Serra Oriental de hai 45.000 anos e a súa evolución ata a era actual.

Como se senten ao atopar algo novo?

A Cova Eirós é un xacemento que sempre sorprende. Durante 15 anos descubrimos achegas singulares que axudan a comprender a historia de Galicia. Desde as pinturas megalíticas, as cerámicas das primeiras sociedades, os enterramentos humanos... Esta é unha das poucas covas da península que permiten comparar dous tipos de ser humano: os neandertais e os homo sapiens, que viviron en épocas diferentes e con distintos estilos de vida, pero con máis ou menos os mesmos condicionantes. É unha mesma cova, un mesmo espazo, un

similares, un pouco máis frío e húmido que agora... pero as técnicas empregadas son diferentes. Incluso os animais eran os mesmos. Había osos cervos, panteiras, hienas, corzos... As especies que cazaban eran máis ou menos as mesmas. En cambio, atopamos diferencias nos materiais que utilizan, en como construían as ferramentas... E, por exemplo, temos a constancia de que os neandertais cazaban, maioritariamente, cervos.

Cal foi a última achega e como se descubriu?

O último descubrimento na escavación da Cova Eirós foi da man dunha rapaza que estaba con



des e, nelas, foi onde atopamos unha especie de signo feito con cor vermella. Chamounos moito a atención porque non tiñamos

45.000 anos e buscar sociedades máis antigas e a longo prazo que-remos escavar outras covas na contorna de Triacastela para atopar outros xacementos que ofrezan información destas etapas da historia ou doutras. Xa no pasado escavamos varias covas en Triacastela, como a Cova das Cabras, que está ao carón da Cova Eirós e nas que atopamos moedas romanas. Tamén estivemos na Valiña, en Castroverde. O noso marco xeográfico son as Serras Orientais, entón miramos distintas posibilidades nesa contorna.

Ademais da investigación, cales son os vosos obxectivos?

Un dos obxectivos que temos, ademais de investigar, é formar a xente, a estudantes, investigadores e alumnado de historia de Santiago e doutras facultades. Así, poden facer o seu Traballo de Fin de Grao, de Máster ou no último proceso de doutoramento. Este proxecto ten un claro enfoque de investigación e, á vez que formamos a xente, tamén nos axudan con esta labor. Ademais, temos outra pata que é a de divulgación e valoración do patrimonio, que facemos a través das redes sociais, a través de falar con medios de comunicación, damos charlas e conferencias, programamos visitas ao xacemento, facemos publicacións en revistas, levamos a cabo exposicións itinerantes, realizamos documentais... Dar a coñecer a Cova Eirós de Triacastela axuda a divulgar os descubrimentos á sociedade para que sexa consciente do patrimonio que temos. Ademais, grazas á colaboración da Xunta de Galicia, que financia as escavacións todos os veráns e ao Ministerio de Ciencia e Innovación, que financia as investigacións e os contratos das persoas en tese de doutoramento, podemos seguir facendo este labor.



mesmo territorio, coas mesmas materias primas para fabricas ferramentas, as condicións son

nós facendo a súa tese de doutoramento. Concretamente, ela encargábase de revisar as pare-

identificada ata o momento ese tipo de signo, feito con cor vermella e varios puntos. Estabamos acostumados a figuras ou símbolos abstractos feitos con cor negra do con carbón, da época paleolítica, e esta era de ocre. Non sabemos que significa, pode ser dunha sociedade diferente, pero o motivo non facilita encadrarlo cronoloxicamente, aínda que pode ser máis recente que a arte paleolítica, é dicir, do neolítico ou máis recente pola materia utilizada, xa que o ocre é máis común en sociedades máis avanzadas que o uso do carbón.

Cales son as previsións de futuro con respecto a esta cova?

A cova e o recheo da entrada onde estamos a escavar ten tres metros e medio de sedimento e levamos escavado un metro e medio. Non sabemos se quedan cousas por descubrir, por iso temos que seguir. O obxectivo a curto prazo é escavar o campamento neandertal de hai máis de



O Centro de Interpretación do Ferro mostrará a historia do edificio

A Ferrería da Ponte de Triacastela, restaurada e rehabilitada por Miguel García, que se converteu no Centro de Interpretación do Ferro da Montaña poderá ser visitado polas persoas interesadas.

Despois de facer a presentación do lugar, ao que acudiron veciños e parte do Goberno local, encabezado pola alcaldesa Olga Iglesias, di que “aínda falta por facer obra e ampliar máis o espazo, así como conectar a luz eléctrica, o que nos vai levar un tempinho”, pero sostén que “se alguén quere ver o que hai si que se lle pode ensinar”.

Miguel, natural do Incio, explica que restaurou este edificio porque, ao ser camioneiro, pasaba moito por diante e pensaba en “como un lugar tan bonito estaba así, en ruínas”; polo que cando viu un cartel de venda, non o pensou dúas veces e comprouno.

“Paréceme importante mostrar a historia deste edificio tanto aos veciños e veciñas de Triacastela, como aos visitantes e aos peregrinos que pasan polo



municipio, xa que é un edificio histórico que pode trasladar á xente ao século XVII”, sostén.

CENTRO DE INTERPRETACIÓN.

Miguel García explica que no edificio había unha antiga forxa, unha ferrería á “que quería volver a darlle vida e poñer en valor o que era o traballo dos ferreiros, que ás veces non se aprecia”, explica.

Ademais, fixo unha recolección de obxectos antigos de ferro que facían os ferreiros e que están

na ferrería “por se a xente quere saber o que era a forxa”, incide. A intención, comenta, é que se poidan facer visitas no futuro, xa que “queremos explicar o proceso desde que sae o mineral da mina ata que se chega a converterse un obxecto”.

As persoas interesadas en vir, poderán ver que hai uns paneis, subvencionados polo Concello de Triacastela, onde se pode ver todo o proceso de extracción das minas, o transporte e o proceso de elaboración dos obxectos.

A Furgoteca achégase a Triacastela o 15 e o 28

O servizo da Furgoteca, a biblioteca móbil de Galicia, volve achegarse ao Concello de Triacastela os días 15 e 28 deste mes de decembro para ofrecer libros, películas, música, xogos e publicacións periódicas.

O itinerario do venres 15 comezará ás 11.00 horas en Toldaos (San Salvador), para trasladarse de 11.40 a 12.00 horas a Santalla de Alfoz. Despois, de 12.10 a 12.30 estará en Cancelo; de 13.50 a 14.05, en Lamas de Biduedo e de 14.15 a 14.30 atoparase en Bidueiro. A última parada nesta xornada

será de 14.45 a 15.30 na praza do Concello de Triacastela.

O xoves 28 os nenos e nenas tamén se poderán achegar a Triacastela onde o servizo estará en funcionamento de 12.00 a 15.30 horas. Ademais deste Concello, dentro da provincia de Lugo o servizo está en funcionamento en Baleira, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro e Samos e acumula xa máis de 4.500 visitas e preto de 4.500 préstamos de exemplares.

Os nenos preparan unha exposición teatral para Nadal

O alumnado está xa elaborando os seus adornos de Nadal en plena fase de decoración de Nadal, tal e como explica o director do centro, Álex.

Ademais, aproveitando o Club de Lectura do Oribio, os nenos e nenas prepararan a exposición

teatral da obra O Apalpador, de Carlos Labraña para vindeiro 21 de decembro.

Ese mesmo día realizarase tamén unha xornada de convivencia para toda a comunidade educativa con merenda e un pequeno obradoiro de Nadal coas familias.



I CONCURSO DE ILUMINACIÓN POLO NADAL

Láncara

Reluce Contigo

Bo Nadal!

PREMIOS VIVENDAS	PREMIOS LOCAIS
1º 150€	1º 100€
2º 100€	2º 75€
3º 50€	3º 50€

DO 20-12-23 AO 6-1-24

BASES E INFORMACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO E EN OFICINAS MUNICIPAIS. ATA O 15-12-23

“Hai unha tradición moi forte de música e espero que continúe”

Marisol Arias está á fronte da Banda de Música de Paradela desde hai 14 anos

Como xorde a Banda de Música de Paradela que cumpre 150 anos?

Sei que empezaron no pobo de Barrido porque antes chamábanlle a Banda de Barrido. Formouse alí hai 150 anos e foron actuando durante todos estes anos por diferentes parroquias polas festas e actos que se organizaban. Xa meu pai acórdase de cando tocaban. Logo, coa emigración a Suíza, foise perdendo un pouco. Os músicos que quedaron pasaron a formar parte de diferentes orquestras, pero non desapareceu de todo, xa que sempre que os chamaban, volvían á banda. Sempre a mantiveron a pesar do tempo e das dificultades. Porén, cando volveu a impulsarse a banda de forma máis forte foi no ano 1985, cando Cándido López volveu de Suíza e formou o que hoxe coñecemos como a Banda de Música de Paradela. É dicir, cambioulle o nome de Banda de Barrido a Banda de Música de Paradela. Así, foi buscando nenos e nenas arredor da comarca de Sarria para ir formando a banda, que empezou con 35 persoas máis os 9 maiores. Pedro Rodríguez foi o director da banda na época de Cándido, e Jesús López, o subdirector. Pedro estivo con nós o 91 e despois apareceu Lino de la Torre, o noso director ata que morreu. Aí, colleu a dirección Martín López e eu son presidenta desde hai 14 anos, mais levo desde os 7 participando da Banda. Hoxe en día somos 21-24 persoas, dependendo das datas e da festa, pero está claro que hai unha tradición musical moi forte, a pesar de que baixou a poboación e

que cando a xente medra e forma a súa familia vai abandonando. Nós, aparte, temos una escola de música en Paradela onde dan clase o luns e os mércores. Alí, hai clases de instrumental; de trombón, trompeta, clarinete... pero tamén coro infantil. Este ano, ademais, incorporamos dúas persoas que tocan a gaita porque na raíz da escola había gaiteiros, polo que para nós é importante que volvan.

Por que segue en pé 150 anos despois?

Nunha agrupación sempre hai alguén que ten tirar polas cousas, e aquí sempre houbo alguén que tiraba. Cándido vivía para a música, por exemplo, aínda que marchara a Suíza aínda aí fixo algo no Centro

“Agora mesmo temos 17 alumnos e eu teño a esperanza de que sigan co legado da Banda de Música de Paradela”

Galego sobre a música de Paradela, e cando volveu, quería volver traer aos que emigraron. Tamén veu Lino, que tamén era un apaixonado da música e cando celebrou a súa última Santa Cecilia, pediunos que, por favor, non deixáramos morrer o que el conseguira. Por iso, collémolo a peito e dixemos que había que tirar para

adiante. Hai unha tradición moi forte en Paradela e espero que os nenos sigan coa música. Agora mesmo temos 17 alumnos e eu teño esperanza de que sigan.

Teñen algún tipo de axuda ou colaboración?

Si, o Concello de Paradela axúdanos en todo o que propoñemos, sempre nos axudou e se non fora por eles sería moi difícil subsistir, xa que as administracións cada vez o poñen máis difícil. Eu cando era cativa podíamos facer mil cousas, constituíamnos unha asociación de maneira sinxela, agora todo é burocracia e así acabamos por non formalas ou por non pedir as axudas que nos ofrecen porque esixen tanto que non chegamos a iso. Por iso, pérdese a cultura dos pobos, que somos xente que intenta facer cousas para manter vivo un pobo no que cada hai menos poboación e hai que fomentar a cultura. Así, mantémonos vivos grazas ao Concello de Paradela. Tamén é porque a Banda de Música é un referente para o Concello, polo que é algo bo para ambas partes.

Como é o traballo como director dunha Banda coma esta?

Eu preparo o repertorio, busco partituras, fago arranxos, tomo decisións musicais, como se falta algún músico, pois cubrir esa praza, organizo os ensaios e despois determino como sona. A posta en escena consensúase coa directiva, concíbese como un todo e hai que pensar en que vas facer e con que intervencións. É moi motivador no sentido de que desempeño un cargo que ten 150 de



historia e non deixas de aprender. Eu son músico, entón aprendo moito como director e é moi gratificante, pero tamén cansa, xa que implica unha responsabilidade e hai que dedicarlle tempo na casa, preparalo todo ben... hai unha parte que non se ve por parte do director de preparación. Pero síntome plenamente recompensado polo traballo feito, porque se recoñece o traballo, a xente disfruta cando das un concerto e os músicos tamén que axudan moito, e sae todo adiante grazas ao seu apoio, xa que sempre dispostos a solucionar calquera problema. Os nenos que se meten na banda tamén son unha satisfacción, xa que vas axudando a que se formen. É unha parte marabillosa, velos que van medrando e van tocando mellor. Somos como unha familia, aínda que a banda hai máis de 15 anos tivo

unha etapa de tocar moito en festas, con máis de 50 actuacións ao ano, e agora non temos tantas actuacións; temos moitísima confianza.

Como foi a celebración dos 150 anos?

Foi moi emotivo e o final de meses de traballo da banda, de todos, e incluso da xente que escribiu sobre nós e a nosa historia. É unha labor que queda para a historia. Durante o acto cedéronnos unha batuta histórica, que está na colección de instrumentos musicais do CENTRAD da Deputación de Lugo, que pertencía a un director do ano 1920 e tiveron o privilexio de dirixir unha canción con esa batuta. Ademais, rendemos homenaxe a tres músicos que refundaron a banda nos anos 80 e ao condutor de autobús que sempre nos leva aos actos. Tamén lle quixemos honrar porque sempre está con nós.



Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

GM790// CONJUNTO DE SOMIER ARTICULADO + COLCHÓN

599€

90x190 cm.

Altura 19 cm. +/-

HD COMFORTABLE

VISCOELÁSTICA

GM680C// Colchón articulable con núcleo HD y visco en ambas caras, desenfundable con cremallera (se aconseja su volteo para mayor durabilidad) de 90x190 cm.

Possibilidade de outras medidas, pida presupuesto.

GM580S// Somier articulado de 90x190 cm. con motor de 5 planos de articulación, doble lámina de refuerzo lumbar y regulador de firmeza.

Possibilidade de outras medidas, pida presupuesto.

Ven a Visítanos, Te esperamos!

Muebles SINDIN

VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297
Telf.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676
mueblesindin@gmail.com / www.mueblesindin.com

“O meu equipo de traballo é un orgullo e iso nótano os clientes”

Roberto López é o propietario do Restaurante Río Loio

Como nace o proxecto do Restaurante Río Loio?

Nace na época dos meus pais, xa que meu pai tiña unha leira onde agora se atopa o Restaurante Río Loio e traía aquí a pacer as ovellas cando era pequeno, pero cando medrou deuse de conta de que coas vistas que tiña, podía ser un bo lugar para construír un negocio, polo que marcharon meus pais para Suíza a conseguir o diñeiro necesario para poñelo en marcha. Despois de 13 anos en Suíza e traballando moito, volveron e abriron o establecemento o 3 de setembro 1978. Daquela, eles montaron o negocio enfocado nunha pequena tenda de ultramarinos, e mentres eu marchei a estudar a carreira de Hostalaría a Santiago. Pero ao volver, en 1997, collín o negocio e pouco a pouco, facendo cambios e evolucionando, a ver se funcionaba, conseguimos pasar das 20.000 comidas que fixemos en 1997 ás 100.000 que fixemos o ano pasado.

Onde está localizado?

O Restaurante Río Loio está localizado nunha contorna que é como o Caribe, paradisíaco. A mellor posta de

sol da provincia de Lugo está aquí, que é espectacular. Isto é como un Cabo, xa que só temos terra por un lado e estamos rodeados de auga. Ademais, ao lado do noso restaurante, hai dúas rutas de sendeirismo que as persoas que queiran desfrutar do día poden facer: a ruta do Río Loio e a ruta Camiño Vello de Aldosende, que ten catro miradoiros para facer fotos para toda a vida.

Que tipo de produtos ofrecen?

Hai cousas que teñen moita fama, como os chocos á prancha, o cordeiro está espectacular, o rape tamén é moi demandado moito para levar a casa o día da festa... Contamos con pratos ociosos para celíacos, veganos e vexetarianos, que agora está moi demandado. E tamén temos menú infantil.

Cales son os máis exitosos?

A anguía é a especialidade, e despois temos unha grella de leña onde facemos a carne, que ten moito éxito. A carne feita á brasa de leña que ten un sabor característico, e temos vaca Rubia Galega e Raza Vianesa autóctona de Galicia, que ten unha carne moi parecida á das cachenas,

cunha carne moi filtrada de graxa e saborosa.

Hai menú e carta? E fan pedidos por encargo?

Temos menú obreiro que inclúe bebida, primeiro e segundo prato, sobremesa, café e pan. Ademais, vén xente todos os días que xa sabes onde se van sentar e é unha sorpresa porque aquí non hai nin fábricas nin colexios nin estradas importantes, pero normalmente de luns a venres temos 100 persoas comendo de menú todos os días, ademais doutras 30 que veñen diariamente de carta. Vén xente da zona do Saviñao, do Páramo, de Taboada... onde hai poucos negocios e á xente gústalle comer. Que veñan a un sitio tan apartado é unha sorte. Por outra parte, facemos pedidos por encargo, que é unha cousa que ten moito auxe.

Con que instalacións contan?

Contamos cun comedor para 140 persoas e outro máis privado para 120 persoas, que ademais se pode acceder a el desde fóra, sen ter que entrar no comedor principal. Ademais, temos unha terraza na que caben 200 persoas e unha leira cun



parque infantil onde os nenos e nenas poden xogar, algo que suma moitos puntos para que os pequenos pasen un bo rato mentres os adultos están na mesa.

Organizan eventos?

Organizamos bautizos, comuñóns, algunha voda civil sen moita pretensión, xa que non temos unha leira grande; moitas comidas de empresas, celebracións familiares, vodas de prata ou de ouro... Só pechamos unha quincena en Nadal e outra en xuño.

Como é o trato cos clientes?

O trato cos clientes é moi próximo,

eu levo 27 anos e, sen non coñeces a un, coñeces ao outro, sempre tes unha anécdota, coñeces a xente... É un trato cun cliente que repite moitas veces ao ano e, ao final, formas como unha pequena gran familia. Esa proximidade gusta moito e gústame tratar con ese tipo de clientes. É un factor moi importante traballar, facelo ben, xa que ese cliente é como da túa familia, e por iso hai que tratálo ben. Pero tamén temos a sorte de estar aquí, nunha contorna privilexiada, aínda que teñan que facer quilómetros, xa que non é un local de paso, ten que vir.

As tres pontes derruídas de Paradela poderán ser rehabilitadas

O rexedor paradelés, José Manuel Mato, trasladoulle á vicepresidenta segunda, Ángeles Vázquez, que as tres pontes principais que atravesan o río Loio quedaron derruídas debido aos temporais do pasado inverno, e agora impiden o paso dunha beira a outra nunha contorna incluída no

espazo de interese local (ENIL) Loio-Ruxidoira.

Nesa liña, a vicepresidenta segunda informou ao alcalde da posibilidade de obter financiamento para este proxecto ao abeiro das axudas para actuacións de municipios e entidades nas reservas da biosfera de

Galicia, dado que este concello se localiza na Reserva de biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel.

Estas axudas teñen como obxectivo a promoción da conservación e xestión da biodiversidade e dos recursos naturais e o fomento do desenvolvemento sostible.

Aprobado o orzamento do 2024, que ascende a 1.790.000 euros

O Goberno local vén de aprobar o seu orzamento para o 2024 cos votos a favor dos concelleiros do PP, que ascenden a 1.790.000 euros, 60.000 euros máis ca o ano anterior. O PSOE, encabezado por Iván Castro, non votou a favor dos orzamentos ao non incluír unha

partida especial para o Servizo de Axuda no Fogar. Así, os socialistas consideran que “se debería melloorar o trato aos traballadores e facer unha revisión do contrato”.

Por outra banda, tamén criticaron que non se contemplara un aspecto con respecto ao IBI rural.

Empresa especializada en traballos verticais



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés

Rel Don Garcia 91 Bajo. 27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486

info@ramosloures.es / www.ramosloures.es

rylramosloures

DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)

- Limpieza de canalones • Reparaciones de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas y patios de luces
- Trabajos confinado y en altura en industria
- Además disponemos de servicio de desatascos 24h

O Goberno local pide á Xunta resolver “as grandes deficiencias do transporte”

A moción presentada polo alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, no pleno extraordinario, foi aprobada por unanimidade. Durante esta iniciativa, pediu instar á Xunta de Galicia a resolver, de maneira urxente, “as graves deficiencias que sofre o transporte metropolitano”, moción que foi apoiada por todas as forzas políticas.

Así o informaron desde o Goberno local, xa que este transporte “ademais de superar as velocidades máximas permitidas de 80km/h, os nosos mozos teñen que viaxar de pé ou

incluso sentados nas escaleiras, coa gravidade que elo conleva”, explican.

Tamén se aprobou pedir á Xunta que se incorporen novas paradas de bus nos itinerarios que realiza o transporte escolar, “posto que hai novas necesidades ou as paradas existentes están mal deseñadas. Para que o rural non esmoreza, debemos seguir loitando”, concluíron.

Durante o pleno extraordinario, tamén, tomou posesión como novo concelleiro de Juan José Díaz por parte do PSOE de Láncara.



PARROQUIA DE MURO. A parroquia de Muro vén de acender as súas luces de Nadal, que decoran máis de 20 casas dos veciños para dar a benvida á nova etapa festiva. Así, a veciñanza leva desde a pandemia decorando as súas vivendas como unha tradición para decorar o pobo co maior número posible de casas da parroquia, unha iniciativa que ten, cada ano, moita aceptación. Desta maneira, os veciños de Muro conseguiron atraer en anos anteriores moitas persoas de diferentes partes de Galicia atraídas pola novidosa forma de agruparse e facer piña que teñen estes veciños de Muro, que crean tan bo ambiente que algún visitantes ata repiten.

Aprobado o presuposto máis elevado da historia do concello

O Goberno local vén de aprobar os seus orzamentos para o ano 2024 cun valor de máis de 2,5 millóns de euros, concretamente de 2.718.571 euros; o máis elevado na historia do municipio.

Así, os presupostos contemplan inversións por valor de 638.016 euros, dos que 190.641 irán destinados á mellora das pistas municipais, incluídas no plan Único da Deputación, e tamén dedicaranse 145.336 euros para a reparación da cuberta e substitución de luces no polideportivo do Concello.

Por outra banda, outros 104.487 utilizaranse para humanizar a estrada LU-621 ao seu paso pola parroquia de Láncara e outros 17.660 euros irán para mellorar o punto limpo, 60.000 para pavimentar algunhas rúas da Pobra de San Xiao e 119.890 euros para mellorar pistas na parroquia de San Martiño de Río.



Por último, 129.000 euros servirán para acometer a substitución da ponte sobre o río Sarria no núcleo de Supena, que irán transferidos á CHMS.

Tamén aprobou unha subida das taxas da auga e da recollida de lixo, aplicable a partir do ano que vén. Desta maneira, a cota fixa da auga pasará a ser de 6,5 euros por trimes-

tre para a función doméstica e de 12,5 euros para outros usos. Pola súa parte, a cota do lixo será de 24,50 euros trimestrais.

O alcalde incidiu en que “é a primeira vez que se sobe e faise porque non queda outro remedio. Esta foi a decisión máis complicada que tiven que tomar nos meus dez anos á fronte da Alcaldía”.

O PP esíxelle ao Goberno local que mellore as estradas municipais

O PP de Láncara denuncia o mal estado no que se atopan numerosas estradas de titularidade municipal, concretamente aquelas que dan servizo aos núcleos de poboación máis pequenos do Concello, moitos deles nas zonas da montaña do municipio, “polo abandono de anos aos que o alcalde de Láncara os ten sometidos”.

Así, a voceira popular, Olga Capón, explica que os veciños destas zonas “non aguantan máis e teñen medo

de que polo mal estado das estradas os condutores dunha ambulancia non poidan chegar ás casas ou que os camións que levan o pienso para os animais ou recollen o leite néguense a pasar por medo a avariar os vehículos”.

Segundo os populares, chegouse a este punto “por un abandono constante e de varios anos” xa que, segundo afirman os veciños e os concelleiros populares, “as estradas perderon en moitos puntos as dife-

rentes capas de asfalto que tiñan, sendo as fochancas e as pedras soltas un perigo para os condutores”.

Para demostrar as súas denuncias, os concelleiros populares achegáronse a algunhas das vías municipais que presentan un peor estado, como é a que vai de Saa (Cedrón) a O Furco e que pasa por Villarín, Seara e A Cortella; a que vai de O Busto a O Furco, pasando por Armada e Casablanca, e a estrada que vai dende O Busto a Saa (Cedrón).

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

FACENDA FARRUQUINO

ATENCIÓN FAMILIAR
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS
DE LUNS A VENRES
De 09:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00
SÁBADOS
De 09:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:30
DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

Láncara abre o prazo para as actividades e concursos de Nadal

A Concellería de Cultura vén de anunciar que xa está aberto o prazo de inscrición para as actividades de conciliación de Nadal. No programa, que está dirixido a nenos e nenas de 4 a 13 anos, inclúense obradoiros, sesión de contacontos, xogos e servizo de ludoteca. Os interesados poderán anotarse ata o vindeiro 18 de decembro ás 13.00 horas.

Entre as propostas inclúense obradoiros de decoración de Nadal para que os nenos e nenas descubran a maxia da creación de adornos únicos e obradoiros de bolas neve para que poidan crear as súas personalizadas. Tamén poderán participar nun contacontos, co que poderán viaxar a mundos máxicos e descubrir historias inesquecibles.

O programa tamén inclúe unha proposta de bingo infantil con xogos emocionantes para os máis pequenos con premios divertidos e servizo de ludoteca, unha Experiencia única con actividades para todas as idades.

As actividades serán os días 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro, así como tamén o 2, 3, 4 e 5 de xaneiro. A programación terá lugar entre as 10.00 e as 14.00 horas no edificio polifuncional da Pobra de San Xiao. As prazas son limitadas e terá preferencia os empadroados no Concello. Os interesados poden inscribirse a través do 982 543 066 ou na Biblioteca Municipal.

RE-LUCE. Tamén deron inicio ao primeiro concurso de iluminación de vivendas e locais comerciais e de servizos para celebrar o Nadal. Baixo o nome de 'Láncara re-luce contigo', o Goberno local apos-



ta por "unha oportunidade única para avivar as tradicións festivas, fomentar a participación cidadá e reactivar o consumo local nestas datas tan sinaladas", explican.

Así, haberá dúas categorías de participación: as vivendas particulares e os locais comerciais e de servizos. Con respecto ás primeiras, os veciños e veciñas de Láncara poderán decorar os seus balcóns, ventás, portas, fachadas ou xardíns exteriores da súa casa. Mentres, os propietarios de locais poderán facer unha montaxe no escaparate, ventás, porta ou fachada do local. As persoas interesadas en participar deberán decorar as súas vivendas ou locais, polo menos, desde o 20 de decembro ata o 6 de xaneiro e poden formalizar a súa inscrición ata o 15 de decembro a través do correo concello.lancara@eidolocal.es, chamando ao Concello ou achegándose a el.

BADALADAS. Os comerciantes da Pobra de San Xiao de Láncara veñen de informar aos veciños e veciñas de Láncara sobre unha nova iniciativa que van desenvolver durante este Nadal.

Esta consiste en animar a toda a

veciñanza a participar no evento 'As campanadas dos nenos', que inclúe a todas as persoas de entre 0 e 99 anos con espírito festivo e con ganas de festexar estas datas sinaladas.

Así, o vindeiro 29 de decembro convocan a todos os veciños a xuntarse na Praza da Alegría para pasar unha tarde divertida e celebrar o novo ano que estará por vir.

VECIÑA. A veciña da Pobra de San Xiao, Patricia Sánchez, vén de propoñer aos veciños e comerciantes da parroquia e capital comercial do municipio que decoren os seus comercios con motivo do Nadal, tal como o propuxo para a festa de Samaín.

Así, anima a comerciantes e veciños e veciñas da vila a que enchen os seus establecementos de motivos nadaleños para "impulsar o pequeno comercio e o medio rural", tal como explica.

Sánchez espera que haxa moita participación, como a houbo durante a campaña de Halloween co fin de "dicirle a todos que o noso pobo existe e que somos os mellores", sostivo.

A Deputación axudará na mellora da parroquia de Río



A Deputación investirá 115.000 euros na mellora de vías municipais de varios núcleos rurais da parroquia de Río, tras firmar un convenio. Este importe supón o 96% do orzamento total das actuacións que afectarán aos lugares de Río, San Martiño e Tourelle, actuando en treitos que suman 3,2 quilómetros e unha superficie de 13.084 metros cadrados. As obras consistirán na limpeza de cunetas e da superficie da pista, aglomerado en quente e pintado con marcas reflexivas brancas.

Así mesmo, estas actuacións, subliñou Tomé, "darán un maior valor a

estas zonas rurais e contribuirán a fixar poboación, pois mellorarán os accesos a todas as parcelas de uso agrícola, gandeiro e forestal, así como ás vivendas dos veciños destes lugares".

O presidente aproveitou a visita para desprazarse ata Armea de Abaixo, onde mantivo un encontro cos veciños e fixo entrega á presidenta do colectivo veciñal, Beatriz González, de mesas e cadeiras adquiridas coa colaboración da Deputación, que aportou case a totalidade dos 5.000 euros necesarios do orzamento para dotar de novo equipamento ao centro social.

A vila xa forma parte da Rede Mundial de Cidades Amigables coas Persoas Maiores da OMS

O alcalde anunciou que o municipio xa forma parte da Rede Mundial de Cidades Amigables coas Persoas Maiores da Organización Mundial da Saúde.

Esta iniciativa ten como obxectivo crear contornas onde as persoas poidan envellecer dignamente e con calidade de vida, tendo en conta as súas necesidades, opinións,

demandas e propostas das persoas maiores en todos os ámbitos da política local.

Así, como pioneiros na provincia, formarán parte dun movemento global de comunidades, cidades e outros niveis de goberno "que se esforzan por satisfacer mellor ás necesidades dos seus maiores", defendeu o rexedor.

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

***SOLO SARRIA (CASCO URBANO)**

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

TOURIST HOME
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS
Tfno: 650 082 298

GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN COMPROMISO

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

Un veciño busca cidadáns do municipio para gravar o Himno do Páramo en Sarria



Un veciño do Páramo, Manu Rodríguez, e fundador do grupo de música Guecho's no ano 1999; vén de propoñer aos parameses participar da gravación dunha canción en Sarria. A canción é o Himno do Páramo, polo que para o veciño tiña "todo o sentido" que participaran veciños e veciñas do Páramo, "xa que fala deles", explica. "Queríamos facer unha versión nova, xa que gravamos o Himno hai moitos anos aquí e despois eu en Barcelona, pero ao volver ao Páramo, decidín que había que facer algo novo", explica.

Por outra parte, ademais de Guecho's, actualmente ten outro grupo de música, Kasyade, co que quere gravar polo menos 12 ou 14 cancións para poder empezar a actuar en lugares como o Buril de Sarria.

Por outra banda, cre podería ser unha opción facelo tamén no Páramo, pero critica que non obtivo axuda do goberno local cando foi falar co alcalde. "O Concello do Páramo antes axudaba moito, agora non tivemos ningún tipo de axuda, é máis, díxonos que para un equipo de fútbol si, pero para a música non. E eu se actúo non quero facelo no chan, temos que ter un espazo mínimo", sentenciou.

"Fixéronse rehabilitacións moi importantes para o noso pequeno concello"

Javier Núñez, arquitecto técnico que foi o director do taller de emprego Ponte de Areas VI

Falamos con Javier Núñez Núñez, arquitecto técnico que foi, desde novembro do ano 2022 e ata este novembro de 2023, o director técnico do taller de emprego Ponte de Areas VI dos concellos do Páramo, do Corgo e de Guntín.

O Concello do Páramo foi o promotor do obradoiro que se desenvolveu durante este ano e que contou cunha axuda de 503.987 euros da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

A través deste obradoiro, explica Núñez, 20 alumnos e traballadores, 7 de Páramo, desenvolveron diversas actuacións de rehabilitación, mellora e, "a grosso modo, accións de albanería en diferentes espazos do Páramo, de Guntín e do Corgo", defende.

REHABILITACIÓNS. Concretamente, rehabilitáronse edificios públicos, como o antigo edificio da cámara agraria do Páramo para dispoñer de oficinas e servizos sociais na súa planta baixa, pero tamén pontes e casas. Unha das obras máis importantes, segundo o arquitecto foi a rehabilitación da casa reitoral, é dicir, a casa do cura, na parroquia de Piñeiro do Páramo co fin de crear vivendas para casos de emerxencia social. Esta obra foi unha "rehabilitación integral exterior e interior", tal como o define o director do taller, "mais aínda queda a segunda fase de traballos instalación de electricidade e fontanería no interior", sostén. Por outra

banda, tamén se fixeron varias fontes no municipio do Páramo. En concreto, rehabilitouse unha no lugar de Ardeverde e outra en Beleigán, así como a fonte da praza do Páramo diante do centro médico.

Que beneficios ten este obradoiro para o alumnado?

Os 7 alumnos do Páramo que participaron do obradoiro recibiron formación teórica e práctica de albanería, fundamentalmente, pero tamén aprenderon a desenvolverse nun traballo manual e facer todo o requirido para a rehabilitación dun espazo público. Ademais, na parte teórica teñen uns módulos transversais que lles axudan a saber como buscar emprego, a dominar a informática, aprenden sobre seguridade ambiental... E todo iso remata coa entrega dun certificado de profesionalidade, que acredita que teñen as capacidades necesarias para desenvolver o traballo. Neste obradoiro, tamén contan cun contrato de aprendizaxe, de prácticas, e cobran o salario mínimo, polo que non só se lles dá formación, se non tamén se lles compensa polo seu traballo de forma económica, polo que é un curso moi completo que quen queira o pode aproveitar ben.

Ese é o caso? É dicir, a xente aproveita o taller e sae contenta?

Depende. Estes programas deberían filtrar máis á xente, xa que é un taller aberto a persoas desde os 18 ata os 65 anos e hai xente que o aproveita máis ca outra. En xeral, os que son



máis vellos que non prestan atención e non aproveitan o obradoiro como deberían. Pola contra, unha persoa de 23 anos ten unha ansia distinta a unha persoa maior e moitas veces queren facer máis cousas, pero o clima apático contaxiase e é máis difícil. Porén, estamos contentos co desenvolvemento do taller. Fixéronse obras importantes que se fan en concellos pequenos, polo que as actuacións que se fan, como reparar pontes e edificios públicos, é interesante. Ademais, estes programas son necesarios para formar a xente, xa que é necesario ter xente forma-

da nun mundo no que cada vez hai menos xente formada en ámbitos do traballo como estes, e esta é unha saída moi boa.

Como cre que vai ser este ano o novo taller de emprego?

Este ano eu non vou participar no taller de emprego, xa que está promovido polo Concello do Corgo, pero será como os anos anteriores: formará a 20 persoas ao longo dun ano e este ano creo que as actuacións no Páramo serán a rehabilitación das beirarrúas; mentres que no Corgo rehabilitase o campo da igrexa e unha escola en Lousada.

CARPINTERIA METÁLICA



NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS
- ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS
- ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN
- REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL
TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo - Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 - vimetalsarria@hotmail.com

O colexio conmemorará o seu 30 aniversario cunha placa

O CEIP Plurilingüe do Páramo prepara unha placa conmemorativa para celebrar os trinta anos que cumpre despois de que abriera as súas portas no ano 1993.

O día que o colexio abriu conta con 154 alumnos e alumnas, unha situación moi diferente á de hoxe, que ten 45 e 4 profesores fixos, mentres que dous días á semana vai unha profesora de Audición e Linguaxe, e unha vez á semana unha pedagoga terapéutica e un orientador.

No colexio, que quere seguir

mantendo vivo o espírito educativo, contan cun club de lectura, coa actividade A Mochila Viaxeira da Xunta de Galicia e con actividades extraescolares deportivas que se realizan na pista deportiva, todo co fin de mellorar desenvolvemento do alumnado no centro.

Ademais, desde o Concello do Páramo din querer seguir mellorando as instalacións do centro a través da construción dun parque infantil, tanto para o alumnado como para o resto dos veciños e veciñas.

O valado do paseo da Capela do Ciprés foi mellorado cunha axuda

O Goberno de Samos vén de rehabilitar o valado do paseo da Capela do Ciprés, un exemplo do románico galego que se atopa a uns metros do Mosteiro de Samos.

Así, a través dunha subvención de 40.000 euros proporcionada pola Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés, que preside Olga Iglesias, alcaldesa de Triacastela, Samos xa conta cun paseo renovado.

O paseo da Capela do Ciprés é unha ruta moi transitada, xa que hai que os peregrinos pasan por ela ao vir desde Triacastela e chegar a Samos, polo que "era necesario melloralo, xa que levaba moitos anos abandonada", sostén a alcaldesa.

Esta iniciativa parte do compromi-



so do Concello por mellorar a vida dos veciños e das persoas que se achegan, polo que tamén levaron a cabo, o acondicionamento do teito do pavillón, a rehabilitación da varanda e dunha mesa na área de

Teiguín, a iluminación da entrada de Samos, a renovación dos carteis de información sobre o Concello, a limpeza de beirarrúas e do río, e o acondicionamento de diversas zonas públicas.

Rapaces de diferentes países participaron nun proxecto de desenvolvemento en Samos



O Concello foi o centro de desenvolvemento turístico dun proxecto piloto creado por un grupo de mozos e mozas de Italia, Alemaña, Portugal, Irán, Marrocos, Túnez e concellos de Galicia.

Así, o proxecto Lugo Digital Crea-

tive Experience foi o marco no que traballaron estes rapaces que agrupou rapaces de entre 18 e 30 anos e que traballaron nun proxecto de desenvolvemento tecnolóxico aplicado no turismo en Samos, que despois poderá utilizar o propio Concello.

A Asociación de Comerciantes e Artesáns cumpre trinta anos

A Asociación de Comerciantes e Artesáns do Concello de Samos entregou uns premios a once dos seus socios xa xubilados e con motivo do aniversario dos trinta anos da creación da asociación.

Así, a homenaxe fíxose concretamente a persoas que, desde a Asociación de Comerciantes consideran que contribuíron ao desenvolvemento local e foron "innovadores, visionarios e audaces no seu labor".

Amadeo Rodríguez Guitián, José Manuel Pérez Rodríguez, Enri-



que Álvarez Fernández, Manuel López López, Pío Préstamo Vila, José López Moure, Alberto López Cereijo e Purificación Gon-

zález Seijas, Celia Regueiro Fernández, Antonio Arza González e José Vázquez Castrillón foron os galardoados.

Os populares din que a empresa encargada de prestar servizos sociais non cobra

Miguel Gallego, voceiro do Grupo Municipal do PP de Samos, denuncia "a mala xestión dos cartos públicos que está facendo o goberno bipartito" tendo en conta "as queixas de varias empresas ante impagos por parte do Concello de Samos".

Os populares amosan a súa preocupación porque "a empresa encargada de prestar servizos sociais vai deixar de traballar para o Concello de Samos porque acumula, dende agosto, unha débeda de

máis de 16.000 euros".

Trátase dunha "cantidade importante para unha empresa pequena que si paga puntualmente aos traballadores e que, ata o momento, non tivo ningún problema".

Os concelleiros do PP preguntánselle "onde investiu a alcaldesa e o goberno bipartito os máis de 80.000 euros procedentes de dúas modificacións de crédito aprobadas recentemente que a alcaldesa explicaba nos medios de comunicación que eran para promoción social".

COMPRA-VENTA DE MADERA
Máis de 30 años en el sector

MANUEL DÍAZ DÍAZ
MADERAS PENEDO

¡Venda su madera!!!
Llámenos sin compromiso.
Trabajamos toda la comarca de Sarria.
Nosotros nos encargamos de todo.

Tels.: 616008540 · 619678989
Grallas, 13 - O Paramo

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

DEPUTACIÓN

A Deputación aproba un orzamento para 2024 de 116 millóns de euros

A Deputación aprobou os Orzamentos do ano 2024, que, con máis de 116 millóns de euros, suporán máis servizos públicos e máis dinamismo económico para a provincia, sobre todo no rural, e demostran que “é posible outro modelo de xestión e outro Goberno para Galicia, con diálogo, lealdade e recursos para os concellos”. Así o manifestou a deputada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez, no debate plenario, durante o que subliñou que o presuposto sube un 5,32%, grazas aos fondos que o Executivo provincial conseguiu da Unión Europea.

A deputada incidiu en que son uns orzamentos “realistas e útiles”, por tres motivos principais: “aprobámoslos en tempo e forma para que entren en vigor a primeiros de ano”; “servirán para achegar os servizos públicos aos veciños e veciñas, e para promover a actividade económica vinculada aos sectores estratéxicos da provincia, factores esenciais para fixar poboación no noso rural”; e “continuaremos coa política de feitos, grazas á que executamos unha media anual do 85% do gasto”. Ademais, explicou, son uns presupostos “expansivos” porque soben os investimentos reais nun 45% e as transferencias correntes en preto dun 3%; e “profundamente sociais”, en tanto que as políticas sociais concentran un terzo do total dos fondos previstos, ata alcanzar os 38 millóns



de euros, o que supón un 3% máis ca neste ano.

“Un esforzo investidor enorme, co que estamos facendo o que non fai a Xunta de Galicia na nosa provincia”, recalca Mayra García Bermúdez, pois “incumpe o Estatuto de Autonomía e a Lei de Servizos Sociais de Galicia e non asume as competencias en servizos sociais, cargándollas á Deputación e aos concellos, sen transferirnos financiamento”.

MAIORES. Así, nos Orzamentos do 2024 a Deputación dedica preto de 11 millóns de euros para os 9 centros de maiores que ten en servizo –6 deles abertos no pasado mandato–, e continuar cos proxectos comprometidos. Como xa adiantou o Presidente, José Tomé Roca, a previsión é poñer en marcha neste mandato as residencias da Pontenova e de Guiriz.

O Goberno provincial renova seu “apoio ao labor fundamental do tecido social vinculado co terceiro sector” con partidas que suman 1,3 millóns, explicou García Bermúdez, que, en políticas sociais, tamén destacou a creación no antigo hospital de San Rafael, en Castro de Rei, do que será o primeiro Centro de Acolida de Protección Internacional de Galicia. Un proxecto froito da colaboración da Deputación co Goberno do Estado, que terá “un retorno económico moi importante para a provincia”, cun investimento de 12 millóns e a creación de 25 empregos directos e 45 indirectos.

A Deputación desenvolverá no 2024 o programa E Para Vivir... a Provincia de Lugo, para “afrontar o reto demográfico”, sinalou a deputada, con medidas de apoio integral ás persoas que decidan irse a vivir ao rural; axudas ao alugueiro de vivenda; e apoio

para a diversificación de cultivos. O vindeiro ano, as políticas de emprego contarán con 4 millóns de euros para favorecer a contratación e mellorar a empregabilidade a través da formación; educación, con preto de 3 millóns, tanto para o Centro de Formación Audiovisual da Deputación –o único público desta rama na provincia–, como para o apoio á Universidade pública; os recursos para as políticas vinculadas coa igualdade suben un 10%; Deportes chega aos 4,8 millóns; Cultura, aos 5 millóns; e Artesanía e Deseño, a 1,44.

CONCELLOS. O Goberno da Deputación sobe o plan de cooperación cos Concellos ata os 21.750.000 euros, “o que significa transferirles aproximadamente o 20% dos Orzamentos provinciais, seguindo criterios públicos e obxectivos, e cun respecto total á autonomía municipal”, expuxo Mayra García Bermúdez.

Ademais de incrementar os fondos do plan de cooperación, a Deputación de Lugo ofrece asistencia técnica a todos os municipios que así o requiren en materia xurídica, urbanística, en xestión e cobro de impostos municipais, en recursos humanos ou en formación, entre outras cuestións, co que “aforran miles de euros e gañan eficacia”, e, de cara ao 2024, como reforzo de todo ese apoio, proporcionará gratuitamente aos 52 concellos que decidiron adherirse ao programa Impulsa TIC

equipamentos e servizos tecnolóxicos que lles permitirán avanzar na transformación dixital e mellorar así os servizos que prestan á veciñanza, grazas aos 4,5 millóns que conseguiu da Unión Europea.

ESTRADAS. Como “un dos piares dos Orzamentos”, explicou, o investimento na mellora da mobilidade medra un 11% no ano 2024, ata alcanzar os 20 millóns de euros, tanto para obra nova, como para conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, en estradas provinciais e municipais.

Dende o inicio do anterior mandato, destacou García Bermúdez, o Goberno da Deputación foi incrementando progresivamente as partidas para a rede viaria provincial e local.

SECTORES. O apoio aos sectores produtivos gaña peso nos Orzamentos do 2024, e incrementanse nun 7,6%, ata chegar aos 11,3 millóns, as partidas para sectores estratéxicos, como o agrogandeiro, forestal e do mar, a economía verde, o comercio, a hostalería e o turismo.

No caso do sector primario, os fondos ascenden a 3,5 millóns, dos cales 2 son para a Granxa Gayoso Castro. Neste eido, a Deputación prevé arrancar as obras que restan do Parque Central de Galicia, en Antas de Ulla, que “será un revulsivo para a zona e para a toda a provincia”.

Tamén potencia o programa Lugo Termal ofrecendo máis prazas que a propia Xunta; renovará o programa Coñece a túa Provincia, cun retorno económico de medio millón de euros dende o seu inicio; ou continuará coas rutas fluviais pola Ribeira Sacra.

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INICIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TRIACASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.



A Deputación dá luz verde á distribución do material do Impulsa TIC

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou os equipamentos e servizos tecnolóxicos que a institución provincial lles proporcionará gratuitamente aos 52 concellos da provincia que decidiron adherirse ao programa Impulsa TIC.

Así o anunciou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen explicou que esta iniciativa é posible grazas aos 4,5 millóns de euros de fondos europeos que conseguiu a institución a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, “para colaborar coas entidades locais na transformación dixital e mellorar así o servizo que prestan aos seus veciños e veciñas”.

En concreto, haberá material destinado á mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital a través da interoperabilidade entre sistemas, para favorecer así as sinerxías e a colaboración entre entidades; tamén á creación de oficinas municipais de pres-

tación de servizos electrónicos aos cidadáns e a implantación dun sistema de automatización e dixitalización dos plenos municipais; e finalmente, á apertura, a transparencia e a accesibilidade dos propios concellos a través de diferentes ferramentas dixitais, a implantación dun chat de asistencia para axudar ao cidadán ou a implantación dun módulo de transparencia. Unha vez que a Xunta de Goberno aprobou os equipamentos e servizos, o seguinte paso será licitar os contratos para adquirirlos e logo distribuílos.

A Xunta de Goberno aprobou tamén a adjudicación da subministración de Equipos de Protección Individual (EPIs) e roupa de traballo para o persoal da Deputación. A adjudicataria do subministro dos EPIs é a empresa Rafitextil DTT 3.8 SL por un importe de 161.021€; e Construdeco Norte SL resultou adjudicataria do subministro de roupa de traballo por un importe de 49.718€. A duración do contrato en ambos casos é de un ano, prorrogable por outro.

Despregan o operativo nas estradas provinciais para o Plan Invernal



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou en Castroverde o Plan de Vialidade Invernal despregado polo organismo provincial para a temporada 2023-2024. Xunto cos recursos propios, a institución ten contratadas 8 empresas para labores de conservación e mantemento co fin de facerlle fronte coa maior eficacia e rapidez posibles ás incidencias que poidan provocar as inclemencias meteorolóxicas nos 4.217 quilómetros de estradas provinciais dos que dispón a Deputación de Lugo no territorio.

O dispositivo está composto por 112 operarios e 64 máquinas, ademais de 12 silos que a institución provincial ten distribuídos por toda a provincia e que dispoñen dun total de 420 toneladas de sal de mina.

José Tomé destacou que contar cun protocolo destas características é fundamental para atender as incidencias que se poidan producir na rede viaria provincial, a máis extensa dunha Deputación en España e tres veces a da Xunta en Lugo, e garantir

así a seguridade e comodidade dos usuarios e usuarias fronte a episodios de meteoroloxía adversa.

O Plan de Vialidade Invernal da Deputación divídese en 8 zonas xeográficas, todas dotadas con medios suficientes para facer fronte coas maiores garantías posibles ás emerxencias que poidan xurdir. Dos 4.217 quilómetros de estradas, a metade están situados a máis de 600 metros de altitude sobre o nivel do mar, co que iso supón de maior incidencia das inclemencias meteorolóxicas.

BALANCE. Segundo os datos do servizo de Xestión Territorial da Deputación, o operativo tivo unha maior actividade nos meses de decembro e xaneiro, cando se produciron cinco episodios de fortes nevaradas. En cada un deles foi necesario utilizar 820 toneladas de sal e mobilizar 16 quitaneves, 32 pick up e 64 operarios. Así mesmo, actuouse por fortes xeadas durante 20 días, contando para iso con 6 máquinas cada día e 12 operarios.

Publicada a resolución das axudas a asociacións culturais

O Boletín Oficial da Provincia publicou a concesión provisional de axudas de concorrencia competitiva para colectivos e asociacións culturais da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Aprobáronse 342 axudas para a organización de actividades culturais e para investimentos en equipamento e mellora de locais sociais, cun importe total de 380.000 euros.

Clases de música e baile tradicional, obradoiros de teatro, narración oral ou pintura, documentais, publicación en papel, certames, xornadas sobre historia ou patrimonio, celebracións populares e outras actividades de posta en valor das tradicións e do patrimonio inmaterial reciben financiamento a través desta convocatoria dirixida ao tecido asociativo e cultural de base.

No caso das axudas para investimentos, as achegas concedidas céntranse na compra de mobla xe e materiais de uso técnico ou artístico necesario para o uso social e cultural dos locais das asociacións. O importe das achegas oscila entre os 500 e os 3.000 euros, en función dos criterios das bases da convocatoria.

A deputada de Cultura Iria Castro lembrou que “a convocatoria contou este ano con case o dobre de orzamento que en anos anteriores, dobrando tamén o número de entidades que recibirán financiamento” e valorou “o traballo que desenvolven estas asociacións, na súa maioría colectivos pequenos que se sosteñen grazas á implicación desinteresada de persoas preocupadas pola cultura, pola lingua e o patrimonio e que cumpren un papel fundamental para garantir o acceso á cultura en todo o territorio”.



Concello de
PARADELA

O Concello de
PARADELA
deséxalles
FELICES
FESTAS E BO
ANINOVO!

COLABORACIÓN

A miña mochila

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Eu son Noelia. Unha nena da aldea. Coma quen di, unha nin-guén. E ademais, po-bre. Así daría comezo a miña novela imaxinaria e au-tobiográfica que tería escrito de pícara. Engadiría aquilo de que os sucesos e personaxes retrata-dos no libro son completamente ficticios, ou non. Que calquera parecido con persoas reais, vi-vas e/ou mortas, ou con feitos reais é mera casualidade, malia estar baseado en feitos reais, tanxibles, palpables e clarivi-dentes. Porque malia ser unha cativa, ou nena, porque cativa só é a fame, era lúcida e espe-lida. Esa perspicacia levaríame a explicalo ao comezo, para

que os poucos que a lesen do meu entorno non se desen por protagonistas. Porque a miña afección preferida daquela era doerme da xente, pero tamén rirme dela, porque son neta de quen son. Agora parece que só teño a primeira, pero estou tra-ballando firmemente en recupe-rar a segunda. Eu, coma Balbino, vivo nun tempo que non me per-tence como xa teño escrito nes-tas liñas, e o que agora é frus-tración debora convertelo en humor. Porque hai moita xente que non ten remedio, e como me acertou a dicir a miña psicóloga, ti estás aquí sentada por culpa de moita xente que endexamais vai a pasar por esta consulta. E aí radica o principal proble-ma que temos agora mesmo as persoas autoesixentes e perfec-cionistas nun mundo que anda a correr, que non afonda mais ca no superfluo, que banaliza os



valores que nos transmitiron os mais vellos e sube a Instagram as vacacións en Cancún pero non conta que leva mais dun mes sen falar coa súa avoa, porque iso non ten boa acollida. Realmente, nos vídeos de xente axudando a persoas sen recursos, canto hai

de verdade? Ou canto é da ima-xe que quero proxectar? Desexo fundamentalmente que moito de reali-dade, pero nas ocasións nas que eu fun protagonista, só sentín miradas de desprezo mesturado con medo. “Ese gasta todo can-to pide en tabaco e en cervexas”. Señora, pode que teña unha enfermidade e sexa adicto, non digo eu que non, pero eu cando me acerquei preguntarlle díxo-me que lle daba igual o que lle comprase, pero que non facía fa-lla que o xamón fose do ibérico, que lle gustaba igual o de marca branca. Esa foi a miña realidade, e imaxino que a de moitos. Teño ao meu arredor a unha morea de adolescentes aos que trato por todos os medios de convencer de que o que ven acotío, só é un 1% da vida dalguén. E que alguén que vexa as miñas, seguramente pensará que son orfa e solita-ria, cando teño moita xente que

me acompaña a diario pero non forma parte disto, ben por idade ou ben por convicción. Di B. en cada día da nai que pasa, que moitos dos textos que acompa-ñan ás fotos de nais e fillas, que nin sequera deben lelos antes de copialos directamente dalgunha páxina de frases bonitas de Pin-terest. Eu nunca lle adiquei nin-gunha, pero dubido que alguén lle queira tanto coma min, mais xa sei seguro que é imposible. E de H. pensarán que segue coa súa ex, porque son as fotos que aparecen en FB, e eu non saio en ningunha. Da miña curmá pe-queña pensarán que leva vida de influencer porque só sobe fotos cando vai a saír de festa pero non cando queda a estudar ata as tantas. Pero hai vida mais alá diso. E non somos o que ensina-mos, somos o que facemos can-do ninguén nos grava, ou mellor dito, cando ninguén nos mira.

O perigo aí está

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Adoitaban presumir alén ao norte da nosa bisbarra, polas terras da Mariña, de que estando os seus montes ategados de plantacións de eucalipto, o certo era que ape-nas lles afectaban os incendios forestais, os cales, así era, asola-ban cada certo verán —e incluso noutras estacións- zonas do País nas que non abundaba tanto esta polémica especie, traída, ou iso

se di, polo relixioso Frai Rosendo Salvado desde o outro lado do mundo, das terras australianas, aló a mediados do século de-zanove. Non lles faltaba razón; as estatísticas non enganaban e, efectivamente, nos concellos próximos á costa lucense, o lume era unha excepción. O sector da madeira, desde propietarios ata madeiristas, sacaban peito no seu discurso a prol do eucalipto, onde a súa rendibilidade econó-mica estaba fóra de toda dúbida, sen pararse a pensar noutro tipo de contraindicacións que todos escoitamos cando se debate so-bre o tema en cuestión.

As lexítimas razóns que presenta-ban os nosos veciños mariñáns, defendendo un monte no que practicamente existe un eviden-te monocultivo e o seu aval da inexistencia de incendios, podería ser válida se non nos paramos a analizar as condicións climáticas. E aí é onde temos a clave, porque de sobra é coñecido que en pleno verán, cando no interior temos días solleiros e con temperaturas roldando os trinta graos centí-grados, é atravesar Mondoñedo e chegar ás espectaculares praias de Barreiros, Foz ou O Vicedo e aínda estando a auga do mar máis que apetecíbel, comproba-

mos que cómpre botar man dal-gunha peza de abrigo porque a sensación térmica descendeu no-tablemente desde que saímos da casa. Porque esa era a realidade, xa que nas localidades citadas e arredores, sen cuestionar o en-canto que atesouran en tódolos sentidos, as horas de sol son si-milares ás que teñen en países do norte de Europa, cunhas néboas e un orballo que minimizan as posi-bilidades do lume. Pero o perigo aí está presente. O tempo está tolo e o cambio climá-tico semella que está chegando para permanecer. E o resultado observámolo recentemente: Al-

guén aproveitando esas condi-cións favorables, en pleno mes de outubro, con sol, excesiva calor e aire, decidíu prenderlle lume ó monte coas consecuencias perti-nentes. Centos de hectáreas fo-ron arrasadas, chegando as lapas a núcleos habitados e con risco real para as casas e as persoas. Non imos debater contra os ar-gumentos que manexan os pro eucaliptos. Xa temos falado nes-ta mesma columna delo e nesta ocasión non toca. Mais o que acaba de acontecer debería levar a unha reflexión na que nos cues-tionemos o modelo produtivo dos nosos bosques, nos cales están desaparecendo os soutos, as car-balleiras e as fragas. Igual temos que pensar máis alá do beneficio inmediato e analizar outras va-riables que son de interese xeral. O “banco sen intereses” —en pa-labras da alcaldesa de Trabada-sufriu un sensible revés semanas atrás, acontecemento que ata a data era case inédito, pero moito nos tememos que nos vindeiros veráns xa non o será tanto e en-tón virán as lamentacións. Ordear o territorio. Unha misión que temos pendente. A ver.

Peluquería
Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

Xornada partida ou continua

O PUPITRE



Julio Díaz

Escoito con preocupación que o Consello Escolar de Navarra aprobou no seu ditamen o proxecto de Orde Foral polo que se establece a xornada escolar partida para todos os colexios públicos de Infantil e Primaria. Trátase dunha volta ao tradicional modelo de clases pola mañá e pola tarde, que nos derradeiros anos e, especialmente tras a covid, perdeu peso na maioría dos centros educativos españois en detrimento da xornada escolar continua ou intensiva de clases só en horario matutino.

Para afondar no debate aparece un informe da OCDE, Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico, que fai unha aposta pola xornada partida dos centros educativos, alegando que a continua prexudica a equidade do alumnado, cando outro informe do mesmo organismo di que Galicia é unha das comunidades con máis equidade no estudo. Si Galicia ten case un 90% dos centros con xornada continua é totalmente contradictorio co que agora presentan neste informe.

O que si di este informe, e ningún resalta, é que un profesorado mellor remunerado, os centros con máis recursos, unha revisión das políticas de admisión do alumnado e de elección de centro, que garanta que os alumnos se distribúan de maneira máis heteroxénea entre os centros educativos reducindo a segregación escolar, máis F.P



é o que favorece que a fase de abandono temperá diminúa e o aumento na calidade do ensino se produza.

A pesar de que a grande diversidade de estudos sobre un tema tan controvertido segundo o enfoque de expertos, profesores e familias non poden afirmar con rotundidade cal é o modelo máis beneficioso para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Eu como docente e, ante a falla de estudos contundentes que non se vexan influenciados por intereses variados, prefiro unha xornada escolar continua, xa que penso que os nenos presentan o seu nivel máis alto na "curva de atención" en horarios de mañá. Tamén é mellor que acaben antes e poidan realizar outro tipo de actividades, sen que a súa xornada se prolongue moito. É un dos problemas que temos no noso país, que a xornada dos nosos rapaces, cando rematan a xornada escolar, a extracurricular e tempo libre adéntrase xa na noite facendo que as xornadas sexan interminables.

É importante non confundir a

xornada educativa dos nosos alumnos coa xornada asistencial e os centros escolares non deben responder ás necesidades das familias desde un punto de vista da conciliación, senón dende un punto de vista educativo e as administracións non deben liquidar este problema conciliatorio pola vía rápida "aparcando aos rapaces" dentro das aulas.

As propias conversas con pais/nais tampouco dan idea de consenso. Os partidarios da continua ven unha molestia desprazarse catro veces ao día aos centros educativos (se os seus fillos non quedan ao comedor) e agradecen poder pasar máis tempo con eles en caso de non traballar polas tardes.

Tamén entenden que é mellor para os rapaces condensar as horas lectivas na mañá e permitir dispor de máis tempo libre para eles.

Outros veno de forma distinta e prefiren a xornada partida, xa que lles sería imposible poder organizarse para recollelo pronto e ademais consideran que os rapaces están máis "relaxados" ao

facer unha parada para comer, descansar un anaco, en lugar de comer máis tarde.

Resulta interesante ver os argumentos de defensores e detractores; argumentos que se repiten por parte dos que defenden ambas as posturas. Argumentos interesados xa que a día de hoxe non existe ningún estudo que aclare rotundamente sobre os beneficios ou prexuízos dun tipo de xornada sobre outro. O debate en si ten máis de político que de mellora educativa.

Rematar dicindo que a xornada escolar non é un capricho do profesorado, xa que para implantala ou modificala fai falla unha maioría cualificada na que participan as familias, o Consello Escolar do Centro e o claustro de profesores. Unha garantía.

O RECUNCHO DE CANELINA

eu non sei que diaño teñen
as nosas gaitas galegas
que afervooan toda a sangue
e fan cóxegas nas pernas



Canelina Gaitas



Desexámoslles un Bo Nadal!

Concello de Triacastela

TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

DEPORTES

Sarria acollerá o I Torneo Navidad Futsal

Sarria acollerá o I Torneo Navidad Futsal, o primeiro enfrontamento entre xogadores de fútbol sala da comarca de Sarria.

Esta iniciativa terá lugar entre o 26 e o 30 de decembro no pavillón José Mario González (O Chanto).

As persoas interesadas en participar deberán inscribirse antes do 19 de decembro e o 20 terá lugar o sorteo de equipos para o enfrontamento.

Con respecto aos premios, haberá un para o mellor xogador, para o mellor porteiro, e tamén para o primeiro clasificado, para o segundo, o terceiro e o cuarto.



O CB Sarria organiza o I Campus do Nadal para xogadores de ata 17 anos

O equipo CB Sarria organiza o primeiro Campus do Nadal que terá lugar entre os días 26 e 29 de decembro na vila, ao que os nenos e nenas interesados xa poden apuntarse.

Esta iniciativa está dirixida a xogadores e xogadoras nados entre o ano 2006 e 2015, é dicir, que teñan entre 8 e 17 anos. Estes poderán participar do campus en réxime externo con comida incluída ou en réxime interno, con almorzo, comida, cea e cama nunha habitación compartida.

Durante o campus, os nenos e nenas participantes poderán desfrutar de adestramentos intensivos con adestrador de primeiro nivel no ámbito do baloncesto formativo, desenvolver as súas capacidades técnicas e tácticas, xogar e competir individual-



mente e por equipos, e terán a oportunidade de facer novos amigos e desfrutar do deporte que lles gusta. Desta maneira, desde o CB Sarria animan a todos os cidadáns a participar deste primeira Campus para "facer destas vacacións de Nadal unha experiencia inesquecible para todos aos que lle guste o baloncesto".



A Ruta 4x4 de Sarria xuntou 425 vehículos e arredor de 650 persoas



A Ruta 4x4 de Sarria, organizada polo Concello de Sarria e a asociación Os Carro x Catro, foi todo un éxito de participación con 425 vehículos e arredor de 650 persoas, incluíndo condutores e organizadores do evento.

Así, persoas de toda Galicia, pero tamén de Estremadura, Madrid, Toledo, Asturias e León participaron dun evento recuperado no 2022 despois dun parón de seis anos coa axuda do Concello de Sarria, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia.

Durante tres días, os participantes puideron percorrer 120 km arredor da comarca de Sarria, pasando por Láncara, Becerreá, Baralla, Triacastela e Sarria; lugares onde desfrutaron da paisaxe, pero tamén da compañía nas paradas e comidas.

Tal e como explica Víctor, de Os Carro x Catro, "houbo moitísima xente como público e moitísima expectación, tanto ao longo das rutas como

no monte".

As diferentes probas nas que participaron os 425 vehículos, deixaron como gañadores a Miguel López, en motos; a Dani Cela, en quads; a Francisco José Pérez, en buggies; a Manuel Neira, en todoterreo; e nas probas de obstáculos os premiados foron Maykel Rivas e Álex Méndez. Ademais, como novidade, este ano organizáronse unhas probas para menores de 14 anos no Polígono do Morelle como actividade previa á Ruta 4x4, así como varios organizadores da iniciativa se achegaron ao instituto Gregorio Fernández de Sarria, para exhibir diante do alumnado dous vehículos todoterreo, unha moto, un quad e un buggie.

VALORACIÓN. Os organizadores valoraron esta edición como "moi boa, pero cun sabor agridoce, xa que a pesar de que houbo moitísima xente participando e de público,

a dúas semanas da celebración da actividade atopámonos con moitos problemas".

Explican que "lamentamos as dificultades para conseguir os permisos administrativos para facer a ruta, xa que tivemos máis complicacións que outros anos, pero tiñamos que facela porque a xente xa estaba inscrita. Porén, se soubésemos hai dous meses que isto ía ser así, non a celebráramos", sosteñen.

Así, din que "é chocante que unha actividade con tanta afluencia de público teña que suplir tantas problemáticas para poder celebrarse", polo que a partir de xaneiro analizarán se o ano que vén lles compensa celebrar unha nova edición.

Se a decisión é non celebrala, están pensando en organizar unha Festa do Motor na que se poidan reunir todas as clases de vehículos e probas de obstáculos durante todo un día no Polígono do Morelle.

O Club Xirandela rematou a tempada no Campionato Nacional de Conxuntos

As xuvenís profesionais da ximnasia rítmica do Club Xirandela de Sarria participaron do Campionato Nacional Base de Conxuntos que tivo lugar no Navarra Arena o último fin de semana de novembro.

Así, por segunda vez Navarra acolleu 18 días de competición dedicadas á ximnasia no que participaron máis de 7.000 deportistas en catro campionatos de tres disciplinas de ximnasia.

As catro citas están organizadas pola Real Federación Española de Ximnasia e a sociedade pública de Goberno de Navarra NICDO, en colaboración coa Federa-



ción Navarra de Ximnasia. Coa participación na competición o club pechou a tempada "orgullosísimas do traballo das

ximnastas e felices polo moito que desfrutaron desta experiencia, premio a moitos anos de traballo", sosteñen desde o club.

Collendo ritmo

Por Adrián Fernández.

Nun mes de novembro no que xa están todos a xogar, os equipos van collendo ritmo antes de rematar a fase de inverno.

Xa comezaron os máis pequenos con resultados moi distintos, na categoría masculina o Oso Blanco gañou fácil os dous primeiros encontros e ponse 1º no grupo A con 2-0, o Cementos Cosmos pola súa contra, gañou un e perdeu o outro o que os deixa terceiros con 1-1 no grupo B. Na categoría feminina, unha de cal e outra de area, o Fisioterapia Ivonne Castro vai 1º con dúas vitorias mentres que o Casa Barbado pecha a clasificación con dúas derrotas.

Outros que tamén comezaron este mes foron os chicos da categoría minibasket, e fixérono moi ben poñéndose na primeira posición con 3 vitorias e unha derrota, iso si, cun encontro de máis; na 1ª División feminina as chicas conseguiron a primeira vitoria da tempada pero

non saen da 7ª posición ao ter dous partidos xogados menos.

O preinfantil masculino pechou o mes con dúas vitorias e dúas derrotas o que os deixa terceiros con 3-2, o equipo ten que mellorar o rendemento fora da casa agora que chega a parte dura do calendario. Mentres, o infantil feminino, so perdeu con Burela despois de acadar tres vitorias o que aínda as mantén na pelexa por pasar a fase de ascenso, están segundas con 4-1 a espera de xogar a volta coas da Mariña.

Chegamos á categoría cadete, o cadete masculino rematou a 1ª fase segundo despois de perder con Ensino, o que non lles permitiu xogar o grupo polo ascenso, no grupo 2 no que quedaron van igual cunha vitoria e unha derrota, pola súa contra o cadete feminino rematou a primeira fase último con 1-5 e xogará no segundo grupo, unha boa oportunidade para coller experiencia para a fase de primavera.

Moi distinta e a situación na cate-

goría Junior, os dous equipos están na parte alta da táboa loitando por xogar a fase de ascenso, destacar ao júnior feminino que aínda non perdeu un encontro (8-0) e están xa clasificadas para xogar dita fase, o júnior masculino vai 2º con 6-2 (3-1 en novembro) e sigue con opcións aínda que neste caso está máis difícil conseguilo.

Chegamos xa ao final deste repaso cos máis maiores, na 2ª sénior masculina os chicos subiron dous postos na clasificación despois de 2 vitorias e 2 derrotas no mes de novembro o que os deixa no 5º posto con 4-5; na 2ª sénior feminina están a conseguir idénticos resultados, cunha vitoria e dúas derrotas neste mes rematan na 4ª posición con 3-3, eso si, empatadas con outros catro equipos o que demostra a igualdade que hai na competición.

Aínda queda moito por xogar e por decidir no mes de decembro antes de que cheguen as vacacións de Nadal.

A SD Sarriana acolleu unha recollida de xoguetes solidaria

O equipo de fútbol sarriano, o SD Sarriana, xunto coa Cruz Vermella de Sarria, organizou unha recollida de xoguetes solidaria no campo municipal da Ribela durante a celebración dun partido de fútbol.

As persoas interesadas en participar nesta iniciativa en favor dos máis necesitados, puideron achegarse ata o campo de fútbol para desfrutar do encontro e ser solidarios ao mesmo tempo.

Así, todas as familias e nenos e nenas da vila recibirán un seu xoguete.

Nova medalla de ouro para o Club de taekwondo de Sarria



O Club AC Taekwondo de Sarria conseguiu moi bos resultados no campionato galego Copa Xunta de Galicia celebrado en Moaña recentemente.

Despois de que se clasificaran para a fase autonómica tanto Mateo como Alma, durante o encontro desta fin de semana Mateo acadou a medalla de ouro en categoría cadete infantil masculino. Álex Losada, o seu adestrador, defende que esta é “unha categoría de moito nivel no que Mateo deu a talla, pasando do primeiro posto á final”, polo que destaca a súa “gran evolución, froito do seu traballo e gañas de mellorar.

Pola súa parte, Alma competiu en categoría infantil feminino e conseguiu unha 5ª posición, a 0,1 décimas das medallas.

Por último, o adestrador do AC Taekwondo Sarria, coñecido como Álex Camba, fíxose co segundo posto despois de retirarse na final a causa de molestias no pe dereito e como medida preventiva de cara ao europeo da semana que vén.

ÁLEX LOSADA. O adestrador da escola de taekwondo de Sarria, Álex Losada, participou no Campionato de Europa de Poomsae, que tivo lugar en Innsbruck-Austria, no que competiu en categoría menos de 30 anos en masculino de forma individual, pero tamén co seu equipo de Monforte, o Neka Monforte, na mesma categoría.

O primeiro día levou a cabo a modalidade individual, onde Álex perdeu na primeira rolda contra o representante de Francia, xa que tivo que superar a varios rivais de moito nivel e este “tiña unha nota de presentación máis alta”, sostén o deportista.

Xa o segundo día tivo lugar a competición grupal cos seus compañeiros de Monforte, con Carlos e Dani, cos que acadou a medalla de ouro con gran soltura e sendo moi superiores ao resto de rivais. Con isto, o equipo de Álex, Carlos e Dani renova o seu título como campión de Europa logrado en 2021.

A Pretorian Race de Sarria xa ten data de celebración para o 2024



Sarria acollerá, de novo, o evento deportivo da Pretorian Race o vindeiro 4 de maio do 2024, no que adoitan participar centos de persoas animadas pola convivencia e o deporte e coa colaboración das distintas institucións.

Así o anunciaron desde a agrupación organizadora da Pretorian Race, unha competición baseada nunha carreira de obstáculos de lonxitude variable, pero normalmente de varios km, que terá lugar a través das rúas e prazas da vila.

Desta maneira, durante un día enteiro, as persoas interesadas en participar poderán pasar a xornada competindo, rindo, facendo e deporte e enchéndose de barro.

EXTREME. Sarria tamén aco-

lleu o pasado outubro a outra variante da carreira de obstáculos e resistencia, a Pretorian Race Sarria Extreme, na que participaron arredor de 700 persoas de forma individual e en equipo e procedentes de Galicia, de diferentes lugares de España e doutros países.

Neste tipo de probas os participantes teñen que probar as súas capacidades para deixar atrás 35 obstáculos repartidos por toda a vila desafiando a súa resistencia.

Tanto o Goberno local como os partidos políticos da Corporación Municipal destacan que este tipo de eventos son “un bo escaparate para Sarria” ademais de ser un evento deportivo con moito arraigo na sociedade sarriá.



DESCUBRINDO O PATRIMONIO

As igrexas románicas do Páramo

Este estilo arquitectónico deixou a súa pegada no municipio, nalgunhas igrexas que aínda conservan as súas ábsidas orixinais

O Concello do Páramo acolle tres das igrexas de orixe románica máis antigas da comarca de Sarria e que despois foron reconstruídas, como a igrexa de San Xoán de Friolfe, a de Santo Estevo de Grallás, a de San Salvador de Vileiriz e a de San Vicente de Gondrame.

A igrexa de San Xoán de Friolfe data do ano 910, época na que se construíu co estilo predominante, que era o románico, aínda que despois foi reconstruída durante os séculos do Barroco, conservando aínda así as súas dúas portadas.

A igrexa está orientada ao norte e ten un pórtico moderno. Ten unha única arquivolta decorada con dentes de serra e rosetas en relevo, e un tímpano sinxelo cunha cruz de Malta inscrita nun cadrado.

Pola súa parte, a portada occidental está formada por unha chambrana axadrezada de tradición xacobeana con dúas arquivoltas de medio punto e unha delas traza nove pequenos lóbulos de medio punto ao longo da súa rosca. Ademais, no seu tímpano, presenta dous lóbulos de medio punto na súa base, e posúe unha cruz na que se inxire un motivo xeométrico celta, segundo apuntan os estudosos e que está presente na portada románica conservada no Mosteiro de Samos. Xunto a ela e a cada un dos seus lados, completan a decoración outras dúas cruces patadas rexistradas en clípeos.

OUTRAS IGREXAS. A igrexa de

Santo Estevo de Grallás tamén é de orixe románica, pero cuxa cabeceira foi substituída por unha nova do movemento artístico do Barroco, aínda que conservas as portadas.

Esta está relativamente preto da de Friolfe, da que copia o seu tímpano alixeirado a través de pequenos lóbulos de medio punto. Ademais, está decorada con cruces en círculos e rosetas vexetais de traza moi fina.

No caso da igrexa de San Salvador de Vileiriz, esta está situada preto da aldea Parede e do reservorio Pozo Repetidor do Páramo, e considérase a igrexa románica mellor conservada do Concello do Páramo.

Este tempo está construído nunha única nave cuberta a dúas augas que desemboca nunha cabeceira cuadrangular na que hai unha fiestra cun arco de medio punto, que descansa sobre columnas e capiteis ornamentais.

Ademais, ten dúas portadas dispostas nos muros sur e occidental da igrexa. Ámbalas dúas posúen unha recorrente gardapó axadrezado, con arquivoltas perladas e tímpanos lisos. A única diferenza entre as dúas é que a meridional desprega unha única rosca e a de poñente debuxa dous.

Por último, a igrexa de San Vicente de Gondrame tamén ten a súa orixe na arte románica, aínda que foi remodelada e, actualmente está arruinada e comida pola vexetación da parroquia de Santiago de Ribas de Miño. Porén, pódese ver nesta igrexa unha portada decorada con capiteis vexetais e zoomorfos.



De arriba abaixo e de esquerda á dereita: igrexa de San Vicente de Gondrame, a de San Salvador de Vileiriz, a de Santo Estevo de Grallás e a de San Xoán de Friolfe

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es